O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de trinta (30) días, contados a partir do seguinte día á data da publicación no “Boletín Oficial” da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na Praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Sur de Augas de Galicia, sito na rúa San Salvador número 2-4º-Vigo, onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, a 23 de xaneiro de 2009.—O Xefe da Área de Vertidos, Miguel Ángel Varela Sánchez.
2009000979

Consellería de Innovación e Industria

DELEGACIÓN PROVINCIAL

PONTEVEDRA

Resolución do 21 de novembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita (número expediente: IN407A 2008/385-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: Electra Alto Miño, SA.

Enderezo social: Marqués de Valladares, 23-2º-36200 Vigo, apartado de correos 28.

Denominación: Reforma LMTA Xeral Salceda-Igrexa.

Situación: Concello de Salceda de Caselas.

Descricións técnicas

LMT aérea a 20 kv con condutor LA-110 de 1.164 metros de lonxitude, con orixe no CT Altamira e final na derivación á LMT Barreiro. A instalación está situada no concello de Salceda de Caselas.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Capítulo II, Título VII, do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro, esta delegación provincial:

Resolve.—Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 132 do R.D. 1955/2000, será de doce meses a partir da recepción da presente resolución. Para efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 do 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o señor Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente.

Pontevedra, 21 de novembro de 2008.—A Delegada Provincial, Montserrat Prado Cores.

2008012319-2008012320

Resolución do 11 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/686-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Electra Alto Miño, SA.

Enderezo social: Marqués de Valladares, 23-2º-Oficina 2. 36201 Vigo.

Denominación: Reforma Centro de Distribución Budiño-Gándaras 2ª Fase.

Situación: O Porriño.

Descricións técnicas

Construción da nova caseta para o CD, e instalación de dous celas de protección saída liñas MT, unha cela de partición e remonte.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 11 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009001054

Resolución do 10 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/687-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Electra Alto Miño, SA.

Enderezo social: Marqués de Valladares, 23-2º-Oficina 2. 36201 Vigo.

Denominación: Reforma Centro de Distribución Budiño-Gándaras 3ª Fase.

Situación: O Porriño.

Descricións técnicas

Reforma do CD Budiño-Gándaras que consiste na colocación de catro celas de protección das novas 4 liñas de media tensión, e a colocación dos dispositivos de control da calidade do subministro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 10 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009001055

Resolución do 10 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/690-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Eléctrica de Catoira, SA.

Enderezo social: Camiño Gondar 5, 36000 Catoira.

Denominación: Centro de manobra As Lombas.

Situación: Concello de Catoira.

Descricións técnicas

Reforma do Centro de Protección e medida para que exista control e se rexistren as incidencias no subministro, o Centro contará con 5 celas da gama SM6.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 10 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009001087

Resolución do 22 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/702-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Electra Alto Miño, SA.

Enderezo social: Marqués de Valladares, 23-2º-Oficina 2. 36201 Vigo.

Denominación: Proxecto LMTS, CT Caseta 630 KVA e RBT Edif. Libertade.

Situación: Concello Salvaterra de Miño.

Descricións técnicas

LMTS consta de dous tramos, o primeiro de 185 m e o segundo 55 m, ambos con orixe no CT proxectado e final nos edificios Estero e Isabel I, respectivamente. CT en edificio de obra en planta baixa de edificio de 630 KVA. RBT con orixe no CT proxectado e alimenta o edificio de vivendas Libertade.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 22 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009000189

Resolución do 22 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/703-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Compañía de Electrificación, SL.

Enderezo social: Apartado 59, 36600 Vilagarcía de Arousa.

Denominación: LMTS, CT 400 KVA e RBT Tarras.

Situación: Concello da Illa de Arousa.

Descricións técnicas

LMTS de 15 m de lonxitude 12/20 KV que alimenta o CT proxectado. CT interior de 400 KVA. RBTS con orixe no CT proxectado e alimenta un edificio de vivendas, con 15 m de lonxitude.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 22 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009000192

Resolución do 23 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/704-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Compañía de Electrificación, SL.

Enderezo social: Apartado 59, 36600 Vilagarcía de Arousa.

Denominación: LMTS, CT 400 KVA e RBTS Bouzas.

Situación: Concello da Illa de Arousa.

Descricións técnicas

LMTS 12/20 de 41 m de lonxitude, percorre baixo a calzada da rúa Bouza uníndose coa LMT xeral da zona e co CT proxectado. CT de 400 KVA en edificio de obra no interior de edificio de vivendas. RBTS 0,6/1 KV de 22 m de lonxitude que vai desde o CT ata o CGP do edificio de vivendas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 23 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009000193

Resolución do 12 de xaneiro de 2009 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2009/3-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Central Eléctrica Sestelo y Cía.

Enderezo social: Doutor Fernández da Vega, 36000 Pontearreas.

Denominación: Cambio localización apoio LMT Maceira-A Graña.

Situación: Concello do Covelo.

Descricións técnicas

Cambio posición do apoio número 2 da LMTA de 20 KV Maceira-A Graña.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2009.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009000548

Resolución do 11 de decembro de 2008 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Número expediente: IN407A 2008/693-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Sociedad Electricista de Tui, SA.

Enderezo social: Rúa A Coruña, 20-36700 Tui.

Denominación: Construción de CD Pazos II en caseta prefabricada.

Situación: Concello de Tui.

Descricións técnicas

Construción CD que disporá de celas de medida e protección das liñas que parten deste centro, e unha cela de liña en cada un dos bloques de celas existentes, do CD Pazos I.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 11 de decembro de 2008.—A Delegada Provincial, María Montserrat Prado Cores.

2009000765

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Pleno do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria de 30.01.2009, aprobou definitivamente os estatutos e a memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica ou servizo público de turismo, que se xestionará en réxime de libre concorrencia, e mediante a modalidade de sociedade mercantil local, prevista no artigo 85.2.A.d) da Lei reguladora das bases do réxime local, elaborados ambos pola Comisión de Estudo designada por este Concello, dipoñendo a publicación do texto íntegro da memoria (anexo I) e dos estatutos (anexo II) no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sendo o seu teor literal o seguinte:

“ANEXO I

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE CREACIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL MUNICIPAL PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO OU ACTIVIDADE ECONÓMICA DE TURISMO

1.—INTRODUCCIÓN

O municipio de Pontevedra conta cunhas posibilidades e potencialidades turísticas que esixen unha actuación de liderazgo por parte do axente público máis próximo e próximo ao cidadá como é o Concello de Pontevedra. Aproveitar as potencialidades deste sector traducirase na consecución dun dos fins principais que xustifican a razón de ser das administracións públicas como é mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Na medida que se mellore o turismo, suporá maiores posibilidades de traballo, maiores posibilidades de desenvolvemento económico, maiores intercambios culturais, etc. o que con-

tribuirá sen ningunha dúbida a favorecer o desenvolvemento económico e social de Pontevedra.

A posición primordial e institucional do Concello de Pontevedra esixe, como non podía ser doutra maneira, unha acción directa, eficaz e eficiente neste eido co fin de conseguir que o turismo neste municipio sexa un motor económico e social.

A importancia do turismo pode apreciarse se temos en conta o plan de dinamización de produto turístico Terras de Pontevedra. Así nel pódese ver os datos de turismo deste municipio entre os períodos de maio e novembro de 2004 (85.223) e no mesmo período no ano 2005 (87.692) que poñen de manifesto que a captación de turistas incrementouse levemente. En todo caso dunha boa planificación e organización dependerá que realmente o turismo aumente de forma significativa e substancial en todos os seus aspectos, tanto cualitativos como cuantitativos. Non só se debe apostar pola cantidade senón pola calidade.

Este ente dispón de múltiples opcións organizativas e contractuais para dar resposta a esta necesidade local, considerando como tal o turismo, e o que se pretende analizar nesta memoria e se é conveniente ou a creación dunha sociedade mercantil para xestionar este sector produtivo.

2.—ASPECTOS SOCIAIS

O turismo, desde o punto de vista da oferta, e con carácter xeral, presenta tres caracteres:

- a) Fraccionamento da oferta: Existen múltiples axentes independentes, de moi diversa natureza (públicos e privados) e de distinta dimensión (grandes empresas, pemes, etc..) que interveñen no proceso turístico.
- b) A transversibilidade: O turismo presenta unha gran variedade de produtos e servizos que o configuran como un todo.
- c) A territorialidade. Todo isto prodúcese e consúmese nun determinado espazo territorial.

Todos estes caracteres danse non só na actividade turística de Pontevedra senón a nivel do Estado.

Estes tres aspectos do turismo esixen unha dirección e coordinación de todo o fenómeno coa finalidade de conseguir que un determinado territorio sexa competitivo fronte a outros. Se varios axentes actúan sen orde, sen seguir unhas directrices ou realizan calquera tipo de actividade sen ningún tipo de coordinación terá como resultado a ineficacia e ineficiencia do sector implicado. Por iso se postula un liderazgo local.

Desde outra perspectiva, as potencialidades deste Concello para ter unha grande oferta turística veñen dados porque posúe un enorme patrimonio histórico cultural e paisaxístico e para elo temos como mostra a súa situación, o casco antigo, o río Lérez, as sendas, etc...

O problema actual é que na cidade de Pontevedra non se está a realizar desde un punto de vista racional unha optimización dos recursos turísticos que respondan as necesidades e aos cambios que se producen. A única iniciativa con relevancia aparece co plan de dinamización de produto turístico terras de Pontevedra, pero Pontevedra que pola súa identidade, por ser capital tanto de provincia como de comarca, necesita unha resposta específica que lle permita explotar todas as súas posibilidades. É preciso unha análise en toda a súa extensión das debilidades, oportunidades, forzas e ameazas do sector deste municipio. As potencialidades obvias necesitan planificación, organización, deseño e sobre todo liderazgo, coordinación e cooperación local.

O Concello de Pontevedra como dinamizador turístico ten que dar resposta os principais problemas que presenta o turismo:

- 1.—A fragmentación dos axentes que interveñen neste campo que carecen de dirección.
- 2.—Os cambios rápidos e profundos dos usuarios turísticos tanto en preferencias como en hábitos.
- 3.—A necesidade de que o turismo sexa un axente de primeira orde como un gran xenerador de riqueza e emprego.
- 4.—A necesidade de optimizar os recursos tanto desde o punto de vista da eficiencia como da eficacia.
- 5.—A necesidade de converter a Pontevedra nun referente turístico.

As vantaxes que representaría unha acción máis activa no turismo polo Concello de Pontevedra poden resumirse nas seguintes:

- 1.—A administración local é a única que pode exercer un primeiro liderazgo público no turismo. Na medida que é a Administración máis próxima aos cidadáns, será esta quen poida dar ese impulso e carácter directivo que esixe este ámbito para mellorar a súa prestación. O Estado é demasiado grande para resolver os pequenos “problemas” pero así mesmo as importantes cuestións que presenta o turismo na actualidade, sobre todo tendo en conta que o turismo é un fenómeno territorial. Estamos asistindo a un novo tipo de autogoberno, o goberno multinivel ou gobernanza que ven dado polos cambios actuais. Isto implica que o goberno municipal pode e debe exercer un papel de actor principal na dirección desta pluralidade de axentes para que o sector obxecto de análise realice un papel de primeira orde. Agora ben, debe quedar claro que o resto dos axentes terán, igualmente, un papel activo para conseguir un sector turístico máis produtivo pero canalizados a través do ámbito local.

A forma máis oportuna e conveniente para realizar esta tarefa de dirección dos distintos suxeitos

implicados neste eido, ven representada pola sociedade mercantil dado que permite relacionarse cos suxeitos privados sen as formalidades do dereito público en aras dunha xestión máis áxil e eficaz. Esta forma de personificación supón introducir unha canle de interrelación cos axentes privados máis próximo e cercano, xa que a administración renunciaría os seus poderes de imperium.

Cabe preguntarse se o Concello podería acudir a fórmulas indirectas para xestionar o sector turístico, pero parece que non, se temos en conta que o papel de liderazgo esixe unha implicación maior e máis próxima. Nunha xestión directa o control é directo e o contacto é máis próximo. En cambio nunha xestión indirecta o contacto é de segundo nivel o que se xustifica en determinados supostos, se ben non neste suposto. A acción e liderazgo require unha presenza e un actuar cercano, e unha maior implicación, pero ao mesmo tempo, e de aí a razón de optar por unha sociedade mercantil, introdúcense elementos que permiten flexibilizar o sistema ríxido do dereito administrativo e por iso considerase conveniente e oportuno que se cree un ente de dereito privado, coa súa propia personalidade, patrimonio e economía.

2.—Se o Concello é o ente máis próximo ao cidadán este pode dar unha resposta máis rápida e áxil aos problemas que xorden no día a día. A flexibilización e a mutabilidade esixe capacidade de adaptación e unha resposta rápida e eficaz. Precisamente neste aspecto é onde a creación dunha sociedade mercantil está máis que xustificada. Esta é a forma directa de actuación das entidades locais con maior flexibilidade que permite utilizar as técnicas privadas de xestión e as normas xurídico-privadas en grande parte da súa actividade que se adapta a realidade cada vez máis cambiante e dinámica.

As formas indirectas aínda que aportan elementos privados flexibles quizais non permitan a mutabilidade que esixe este tipo de intervencións no campo do turismo. Isto ben dado porque se se quere rapidez e axilidade require capacidade de adaptación, e iso esixe unha posibilidade de cambio en pouco tempo e cunha capacidade financeira que así o permita. Se utilizamos fórmulas como a concesión isto non se consegue, dado que nos atoparíamos ante un contrato de dereito público que ten unhas rixideces que se traducirá en que cada vez que se produza un cambio haberá que indemnizar o contratista dentro da potestade de “*ius variandi*”.

3.—A cidade de Pontevedra entre o 1 de xullo e 30 de setembro de 2005, segundo datos facilitados pola oficina de turismo, visitaron 62.345 turistas. Se temos en conta este dato vemos que esta cifra aínda que é positiva pode mellorarse. O turismo, nas súas distintas clases, como é lóxico é un dos principais sectores de dinamización social e económica. A partir da segunda metade do século XX (en España a partir dos anos sesenta) empezase a con-

siderar o turismo como unha importante actividade económica xeradora de riqueza e emprego, e tanto a nivel nacional como local vanse creando estruturas de coordinación e xestión que tratan precisamente de abordar do modo máis eficiente a planificación, desenvolvemento e promoción do sector turístico, aínda que inicialmente dun modo un tanto parcial e limitado fundamentalmente na atención e información ao turista e a promoción.

Xa máis modernamente, como consecuencia da evolución e do importante peso económico e social que o turismo vai alcanzando nalgúns territorios e especificamente a partir da crise do turismo de “sol e praia” do ano 1989 e dos importantes cambios nos entornos sociais, económicos e tecnolóxicos no campo das comunicacións e o transporte, as novas demandas, especialmente no ámbito do turismo urbano e cultural e do turismo de reunións, xorden as denominadas xenericamente Destination Management organisations (DMO), é dicir, organización da xestión de destinos, entendendo o concepto “destino” como un territorio moi concreto e definido, de extensión limitada e perfectamente identificable cun nome ou unha marca de destino. Xorden así os entes de xestión e promoción turística a nivel local co obxectivo de cubrir dúas grandes fronteiras de actuación:

1.—A planificación e o desenvolvemento turístico, é dicir, todo o que afecta ao produto, a súa calidade e a súa competitividade.

2.—A promoción e o apoio á comercialización, é dicir, todo o que fai referencia á imaxe, a promoción e á “venta” do produto.

Pontevedra sen dúbida ten unha grande cantidade de vantaxes en comparación de outros destinos pero necesita un ente capaz de canalizar estas a través dun ente propio de ámbito municipal que permita obter vantaxes competitivas fronte a outros destinos turísticos de tal maneira que o resultado disto contribuirá a que medre a calidade de vida e melloren as condicións sociais dos cidadáns. As experiencias doutros territorios demostran como a creación dun ente instrumental contribúe a dinamizar a economía local como por exemplo as sociedades mercantís de turismo de San Sebastian e Santiago de Compostela.

2.—Cando se utiliza a expresión eficacia e eficiencia no campo dos poderes públicos non se debe esquecer que son principios constitucionais (artigo 31.2 e 103 da CE). Estes principios son mandatos claros que deben rexer tanto na xestión de fondos como na acción dos entes públicos. Actualmente un mecanismo que da solución a estes principios está sendo a utilización de formas instrumentais polos entes públicos, e máis concretamente, e polo que aquí interesa, as sociedades mercantís locais. Con estas fórmulas apróveitanse as oportunidades e posibilidades que ofrece a xestión privada e ao mesmo tempo as vantaxes do eido público. Estes

entes mixtos (privados na xestión e na forma de personificación) constitúen un elemento dinámico que axuda en gran medida para ser eficaz e eficiente. Os modelos tradicionais de organizacións turísticas entraron en crise sobre todo polo enfoque parcial e limitado, polos orzamentos insuficientes, polo baixo nivel de profesionalización, por ter obxectivos pouco explícitos ou inexistentes, e tamén, e sobre todo por non aproveitar as sinerxias e colaboracións que ofrece o sector privado.

3.—Un dos deberes que ten o Concello de Pontevedra, como entidade básica da organización territorial, é promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (artigo 25.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (en adiante LRBRL) así como conseguir que a cidade de Pontevedra sexa un destino turístico de primeira orde. Estas esixencias fan que se utilicen todos os medios posibles para acadar este resultado. Sen dúbida un dos mecanismos que pode contribuír de maneira máis eficaz a obter este resultado o representa a creación dunha sociedade mercantil polo xa exposto pero sobre todo porque conta cunha mutabilidade que permite eliminar as rixidez da organización burocrática tradicional.

Por outra banda, entre os aspectos máis positivos da fórmula da xestión a través da sociedade mercantil, poden sistematizarse os seguintes:

1.—Maior axilidade e flexibilidade na xestión, organización e contratación, idónea para as actividades de marketing e promoción e para a prestación directa de servizos turísticos.

2.—Posibilita unha maior eficiencia e control na prestación dos diferentes servizos.

3.—Facilita a participación do sector privado.

4.—Enfoque e organización menos burocratizada e persoal laboral máis idóneo para o campo do turismo.

5.—Posibilita a creación dunha nova cultura empresarial nos enfoques de xestión e desenvolvemento corporativo.

6.—Non queda exenta da supervisión, procedementos e control da Administración pública.

7.—Permite unha maior proximidade e cercanía ao sector privado e polo tanto facilita o liderazgo local.

8.—É unha fórmula que permite unha mutabilidade que permite adaptarse rápidamente os cambios sociais e culturais. É un elemento dinámico.

3.—ASPECTOS XURÍDICOS

O artigo 25.2 da LRBRL sinala a competencia dos municipios en determinadas materias, cuxa concreción será realizada polo lexislador básico estatal e autonómico segundo a distribución constitucional e estatutaria de competencias. O apartado m) do artigo antes citado atribúe a competencia aos

municipios no turismo, se ben será nos termos citados de lexislación do estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre estas leis destaca a Lei 7/1997, de ordenación e promoción do turismo de Galicia, norma que, como outras, non concreta as competencias dos municipios nesta materia de forma clara e diáfana, se ben haberá que ter en conta que o lexislador galego debe respectar a garantía institucional local. En todo caso, o Concello de Pontevedra posúe competencias nesta materia.

O turismo configúrase desde o punto de vista da Administración como un servizo público, entendido como se define no artigo 85.1 da LRBRL como aqueles que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias.

As entidades locais a hora de elixir a forma de prestación dos seus servizos goza dunha ampla serie de posibilidades que están recollidas no artigo 85.2 da LRBRL. Existe algunha máis que é discutible. En todo caso, o artigo 30 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais do ano 1955 (en adiante RSCL), recolle a potestade de autoorganización das entidades locais dos seus servizos. As Corporacións Locais teñen plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia, tanto na ordenación do persoal como no económico ou en calquera outros aspectos, con arranxo á Lei de réxime local, e os seus Regulamentos e demais disposicións de aplicación. Este principio ten as súas principais (entendemos que non únicas) limitacións, que seguindo a Ángel Ballesteros Fernández e Manuel Ballesteros Fernández pódense sistematizar nas seguintes:

a) Límites materiais, que son dous (sen prexuízo de que existan outros que estes autores entenden non aplicables) :

1.—A forma de xestión debe servir aos intereses xerais. A constitución e a adopción dos modos xestores está suxeita á limitación de que estes sirvan aos intereses xerais. Este límite deriva do artigo 103 da CE e ten a súa mellor definición nunha sentenza do Tribunal Supremo do 10 de outubro de 1989 que di “mentres que os particulares poden crear empresas con plena liberdade de criterios sen outra condición que a de que os seus fins sexan lícitos, todas as actuacións dos órganos da Administración Pública deben responder ao interese público que en cada caso e necesariamente sempre ten que concorrer (artigo 103 da CE), tanto se se trata de actos de autoridade como de actuacións empresariais, pois en canto a estas últimas o artigo 31.2 da CE tamén esixe unha equitativa asignación dos recursos públicos e que a súa programación e execución responda a criterios de eficiencia e economía, o cal non é compatible con actuacións empresariais públicas carentes de xustificación” .

2.—Exclusión de determinadas formas de xestión para os aqueles servizos que impliquen exercicio de autoridade. Existe outro límite material imposto polo artigo 85.3 da LRBRL, que impón que os servizos que impliquen o exercicio de autoridade non se poden prestar de modo indirecto nin polo directo consistente na sociedade mercantil de capital social exclusivamente local.

Estes límites materiais non se infrinxen na creación desta sociedade mercantil local.

- b) Límites formais. Ven determinado pola necesidade de tramitar un expediente de municipalización que se regula no artigo 97 do Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986 (en adiante TRRL). A este procedemento ten que acudir-se en determinadas formas de xestión, como son cando se utiliza a modalidade de sociedade mercantil local (pode verse como exemplo a sentenza do Tribunal Supremo do 1 de febreiro de 2002). Noutros casos bastaría cun acordo de Pleno (por exemplo a xestión directa de servizos mínimos como dispón o artigo 42 do RSCL). Este expediente de municipalización estase a tramitar no presente suposto na procura da creación dunha sociedade mercantil cumprindo polo exposto esta limitación e axustándose a dito procedemento.

A Corporación municipal respectando os límites expostos, ten plena liberdade para crear unha sociedade mercantil para prestar os seus servizos.

Como xa expuxemos anteriormente, actualmente existe unha tendencia a crear entes de promoción e xestión turística. Agora ben, ese ente pode revestir diversas formas que se recollen principalmente, que non exclusivamente, no artigo 85 da LRBRL. A elección condicionarará o futuro do servizo que se preste, dado que esta decisión vai ter unha vixencia por un longo período de tempo, xa que non é aconsellable nin habitual cambios no marco xurídico e institucional unha vez creado.

Analícemos as fórmulas máis importantes de xestión sinalando moi sumariamente as súas características, limitacións e virtualidades:

a) Xestión pola propia Administración local

É o modelo máis tradicional e propio en xeral nos municipios nos que o turismo ten pouca relevancia ou ben aqueles que non experimentaron ningunha outra fórmula de xestión.

Xeralmente soe ir acompañada coa existencia dunha concellería responsable en materia de turismo compartida con outras áreas de goberno municipal, fundamentalmente aquelas con atribucións en materia de promoción económica, cultura ou deportes.

As razóns que se alegan para manter esta fórmula son: por unha banda, a necesidade de control municipal de todos os aspectos da política turística, sen interferencias, e por outra a insuficiencia dunha masa crítica que xustifique a creación dun ente autónomo. O turismo desenvólvese de modo “natural” e a través da inercia administrativa e funcional, que se comparte con outras áreas máis antigas na xestión municipal.

En todo caso, como fórmula de xestión turística, a xestión directa pola propia entidade adoece de:

- Falta de axilidade dos procedementos administrativos que o fai pouco operativo para accións que requiran respostas rápidas.
- Dificultades para ter mecanismos estables e regulares de aportacións de fondos privados e para a realización de operacións comerciais e de autoxeneración de fondos.

Existe a posibilidade de xestión directa con órgano especial de administración (artigo 70 e ss do Regulamento de servizos das Corporacións Locais de 1955), fórmula a que se lle pode obxectar os mesmos problemas que a xestión directa sen máis.

b) Organismo autónomo local

Os organismos autónomos locais son persoas públicas descentralizadas que desenvolven a súa actividade suxeitos ao dereito público como un instrumento do ente matriz que o creou para a execución da actividade deste, a realización de actividades de fomento, prestacionais ou de xestión de servizos públicos.

É unha fórmula que soen utilizar os municipios para dotar de maior autonomía a xestión turística, dándolle máis visibilidade xa que o sector turístico ten un peso significativo. Posibilita unha certa participación privada na organización, sobre todo a través de vías consultivas, e permite a financiación privada, aínda que marxinal, a través fundamentalmente esponsorizacións .

Pola contra, está técnica de xestión esta suxeita integramente o dereito público con tódalas rixideces que isto implica, e presenta un carácter moi burocrático similar ao da propia entidade local tendo a participación privada carácter residual.

c) Entidade pública empresarial

Certamente é unha fórmula que se activou no campo local coa Lei 57/2003, de modernización do goberno local. As entidades públicas empresariais son organismos públicos aos que se lle encomenda a realización de actividades prestacionais, a xestión de servizos ou a produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa regulación contense na LOFAGE coas peculiaridades que establece no artigo 86 bis da LRBRL.

Destas entidades podemos destacar tres caracteres:

1.—Están sometidas na súa actuación ao Dereito privado, excepto no que fai referencia á formación da vontade dos seus órganos, ao exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e, nos aspectos especificamente regulados para as mesmas na LOFAGE, polos seus estatutos e pola lexislación orzamentaria.

2.—Deben quedar adscritas a unha Concellería, Área ou órgano equivalente da entidade local, se ben poderán estar a un organismo autónomo.

3.—A efectos da contratación non teñen a consideración de Administración Pública segundo o artigo 3.2 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, tendo o mesmo réxime contractual que as sociedades mercantís municipais.

O maior problema desta técnica é que existen poucas experiencias desta figura en España e no eido do turismo non coñecemos (sen prexuízo de que poida existir). En comparación coas sociedades mercantís ten un sistema máis ríxido en materia de persoal aplicándose a Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público ((artigo 2 da Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público) na súa integridade e non só a disposición adicional primeira da Lei 7/2007, sen prexuízo de que como o persoal é fundamentalmente laboral rexerese en gran medida por esta normativa. Creemos que se podería considerar nun futuro esta forma de xestión.

d) As formas de xestión indirecta

As outras formas de xestión que se regulan no artigo 85.2 b) da LCSP, teñen o inconveniente de é que non hai un control e intervención directo na xestión. A xustificación da creación dunha empresa turística está precisamente en que se quere intervir directamente de forma activa implicando aspectos públicos e privados pero tamén cun gran control público.

e) Consorcio

Non é unha forma de xestión de servizos públicos. Será o consorcio o que elixa como realizar a xestión. O Consorcio en Galicia é unha entidade local nova dotada de personalidade xurídica e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos (artigo 149 da Lei 7/1995, de administración local de Galicia). Os consorcios caracterízanse por tres notas:

- Existencia dun interese público común entre os suxeitos que se integran neste.
- Asociación voluntaria dos entes consorciados en aras de realizar ese interese público que pode estar formado por entidades de dereito público entre si ou con outras Administracións Públicas para fins de interese común e

con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente coas outras Administracións Públicas.

- Personalidade xurídica pública e independente dos entes consorciados, e plena capacidade de obrar do Consorcio para a realización dos fins asignados nos Estatutos.

É unha fórmula flexible que ofrece bastantes posibilidades de adaptación ás necesidades particulares de cada caso, xa que grande parte da súa configuración se deixa aos seus estatutos.

O seu carácter público lle confire algunhas vantaxes e potestades (establecemento de tributos, etc) e a capacidade de financiarse tanto como ente público (transferencias, etc.) como privado a través de actividades comerciais.

O grande inconveniente é que como entidade de dereito público está suxeito integramente a este dereito, con todas as rixideces tanto na orde contractual como de persoal. Ademais se temos en conta as experiencias comparadas atopámonos con que só ten éxito en destinos turísticos que busquen unha implicación do sector privado tanto na xestión como na financiación. Sen embargo, para que teña éxito, se requiren ao menos dous requisitos:

1.—Que o sector privado este articulado institucionalmente e disposto a comprometerse a fondo tanto na xestión como na financiación.

2.—A existencia dun elevado grao de desenvolvemento turístico (destinos turísticos maduros).

Non é casualidade que baixo este modelo se atopen os exemplos máis relevantes de representación paritaria ou equilibrio de poderes (público-privado) como son Barcelona ou os Consorcios de desenvolvemento Turístico de Navarra.

Neste senso, cabe sinalar que a situación do turismo no municipio de Pontevedra, que anteriormente analizamos, moi incipiente e escasamente articulado, xuntamente cunha débil estrutura organizativa empresarial, non resulta a máis adecuada para a implantación dun modelo de xestión turística tipo Consorcio.

f) Mancomunidade

As Mancomunidades propiamente non son formas de xestión (non aparecen reguladas no artigo 85 da LRRL), pero si teñen importancia cando se trata de referirse a prestación dun servizo público. En xaneiro de 2007 naceu a Mancomunidade Terras de Pontevedra para a dinamización de produto turístico Terras de Pontevedra dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro. Os seus fins circunscríbense a tres: a xestión do plan de dinamización de produto turístico dos Concellos que o integran que se está a realizar actualmente, a xestión de plans e proxectos turísticos de natureza

semellante á anterior e o fomento, en xeral, da actividade turística nos Concellos que integran á anterior.

Planteada a posibilidade de crear unha sociedade mercantil para xestionar todo o relacionado co turismo na cidade de Pontevedra, deben quedar delimitadas as súas funcións en relación cos fins da Mancomunidade, tendo claro que non se pode xestionar un mesmo servizo por dous entes, sen prexuízo de que se poidan establecer fórmulas de cooperación. Isto esixe a delimitación das competencias de cada ente.

A proposta que consideramos é que a Mancomunidade debe quedar circunscrita ao seu ámbito territorial e limitada a plans e proxectos turísticos que excedan do interese territorial da cidade de Pontevedra e aquelas actividades que teñan un interese turístico supramunicipal, pero en ningún caso poderá realizar actividades turísticas que só e exclusivamente teñan un interese municipal, competencia que asumiría a sociedade mercantil. Xorde a necesidade de reformar os estatutos da Mancomunidade de tal xeito que queden claros os novos termos dos seus fins. A delimitación proposta debe ser cautelosa na súa interpretación posto que na maioría dos casos non vai a haber cuestións ou proxectos turísticos municipais “puros” xa que van ter unha incidencia supramunicipal e tamén, e da mesma forma son escasos os supostos que existan facetas turísticas supramunicipais que non teñan incidencia local. É dicir o turismo é un elemento que soe ter incidencia intra e extramunicipal.

En todo caso, a Mancomunidade adoce dos mesmos problemas de xestión do servizo polo propio Concello na medida que como Administración está afectada polas mesmas rixideces e problemas propios do sistema burocrático tradicional, sen prexuízo de que esta poida acudir a outras fórmulas de xestión como son a creación de sociedades mercantís, etc.. Non esquezamos que a Mancomunidade é un ente, non unha forma de xestión. Por outra banda, e tendo en conta o seu ámbito territorial, os asuntos da Mancomunidade deben afectar a todos os municipios e non centrarse unicamente en cuestións propias dun Concello concreto que a integra, tendo en conta o exposto ao turismo local e supramunicipal.

g) *Fundación*

A fundación é unha organización sen ánimo de lucro, constituída por persoas físicas ou xurídicas (públicas ou privadas) para cuxo sostemento se afecta un patrimonio de forma permanente e cuxos fins serán necesariamente de interese xeral.

Ademais do patrimonio inicial pode financiarse a través de aportacións periódicas dos seus patróns, de socios protectores (non patróns) e dos ingresos das súas actividades comerciais.

Esta sometida ás normas de dereito privado e pode ter sociedades participadas de carácter mercantil o que lle proporciona axilidade e flexibilidade tanto na xestión como na contratación.

Pola contra, está sometida a un forte control, tutela e fiscalización polas aportacións das Administracións Públicas (Protectorado) co obxecto de que as súas actividades se axusten aos fins de interese xeral especificados no seu obxectivo fundacional. Todo elo conleva certo grao de burocratización aínda que facilita a participación privada.

En todo caso, é unha figura xurídica útil naqueles municipios que exista un sector privado sólido e maduro, xa que é condición necesaria un alto grao de implicación e compromiso do sector privado desde a súa fase inicial. Utilízase nun escaso número de municipios turísticos españois.

h) *Sociedades mercantís locais de capital íntegramente local*

As sociedades mercantís locais constitúen unha forma de xestión dos servizos locais da que dispoñen as entidades locais (artigo 85.2.A.d) da LRBRLL). Está é a fórmula que se pretende utilizar e que se considera conveniente e necesaria para dar satisfacción os problemas e cuestións que requiren hoxe o turismo en Pontevedra.

Analícemos os seguintes aspectos desta esta figura, detidamente e dende o punto de vista xurídico:

1.—*Natureza da xestión*

Con este epígrafe o que se quere abordar é que cando se utiliza a técnica da sociedade mercantil realmente estamos ante un exercicio da actividade económica en concorrencia co sector privado. A iniciativa pública na actividade económica está recoñecida no artigo 128 da CE e no artigo 86.1 da LRBRLL, neste último caso cando nos referimos as entidades locais. Cando se utiliza unha forma privada de personificación e de actuación, entón realmente estamos ante un exercicio da actividade económica e non a prestación dun servizo público segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo. A este respecto podemos referirnos a STS de 1 de febreiro de 2002, que textualmente di “A cuestión que se formula neste recurso consiste, en último termo, en resolver se a creación dunha sociedade mercantil municipal que teña por obxecto un servizo público local esencial- como se verá que sostén o Concello no seu recurso e esta Sala acepta- implica exercer a iniciativa pública para o exercicio de actividades económicas conforme ao artigo 128.2 da Constitución e, en consecuencia, esixe, como presuposto, a tramitación do expediente acreditativo da conveniencia ou oportunidade da medida a que se refire o artigo 86.1 da LRBRLL e que aparece regulado no artigo 97 do TRRL. Son servizos públicos

locais, en sentido amplo, cantos tenden á consecución dos fins sinalados como de competencias das Entidades Locais (artigo 85.1 LRBRL). Unha das posibles formas que poden adoptar a xestión directa dun servizo público local é a de sociedade mercantil, cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local (artigo 85.3.c) LRBRL). A xestión de servizos públicos por medio de xestión directa a través dunha empresa en réxime privado de capital municipal non esixe que se trate dos servizos esenciais comprendidos no artigo 86.3 da LRBRL, senón que poida realizarse noutras materias en réxime de concorrencia coa iniciativa privada, sempre que se trate de actividades que sexan de utilidade pública e se presten dentro do termo municipal e en beneficio dos seus habitantes (artigo 96 do TRRL). Sen embargo, o feito de que se trate de servizos esenciais non altera sustancialmente os requisitos establecidos pola Lei para dita creación. Estes requisitos, en efecto, derivan sustancialmente do carácter excepcional que supón a creación pola entidade local dunha empresa suxeita ao Dereito mercantil, coa conseguinte sustracción aos principios de Dereito público, calquera que sexa a significación das actividades de interese público a que se dedique a súa actividade. Por conseguinte, en todos estes casos atopámonos ante unha aplicación do principio comprendido no artigo 128.2, inciso primeiro, da CE, con arranxo ao cal “ Se reconece a iniciativa pública na actividade económica. Este principio ten o seu reflexo, no ámbito local, no artigo 86 da Lei de bases de réxime local, a cal recolle a iniciativa pública local no exercicio de actividades económicas en réxime de libre concorrencia (apartado 29 ou en réxime de reserva e a conseguinte posibilidade de establecer o efectivo monopolio (apartado 3). O artigo 86.1 da Lei de bases de réxime local establece que as Entidades Locais, mediante expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida, poderán exercer a iniciativa pública para o exercicio de actividades económicas conforme o artigo 128.2 da CE. Unha vez afirmado isto, engade que cando o exercicio se faga en réxime de libre concorrencia, a aprobación definitiva corresponderá ao Pleno da Corporación, que determinará a forma concreta de xestión do servizo. Advírtese, en consecuencia, que a necesidade de previo expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida encamiñada ao exercicio da iniciativa pública para o exercicio de actividades económicas, neste caso consistentes na prestación dun servizo público esencial, é común a todos os casos de creación de empresas mercantís para a xestión de servizos públicos. Polo demais, a necesidade de que se pronuncie o Pleno sobre a forma de xestión do servizo cando se trata de actividades que vaian a ser exercidas por empresas municipais en réxime de pública concorrencia, por non tratarse dun servizo prestado en réxime de monopolio con arranxo a Lei, non supón que no caso de xes-

tión de servizos públicos esenciais por este medio non deba pronunciarse igualmente o Pleno da Corporación. En efecto, por unha parte, o artigo 97.1 do TRRL, ao regular dito expediente, prescribe con carácter xeral a aprobación do proxecto polo Pleno da Entidade Local (letra d). En segundo lugar, o artigo 86.3, II, da lei de bases de réxime local establece a efectiva execución das actividades comprendidas no artigo 86.3, I, en réxime de monopolio require, entre outros requisito, o disposto no número 2 deste artigo. A súa vez, o artigo 97.2 do TRRL esixe que o acordo sexa adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.”

2.—*Réxime xurídico*

As sociedades mercantís locais regúlanse polo artigo 85.ter da LRBRL, os artigos 89 e ss do RSCL, artigo 103 do TRRL e a lexislación mercantil. A este respecto é claro o artigo primeiro citado, cando afirma que “ As Sociedades mercantís locais rexeranse integramente, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, salvo as materias en que lles sexa de aplicación a normativa presupostaría, contable, de control financeiro, de control de eficacia e contratación,...”. Polo tanto o dereito privado eríxese como motor xurídico na configuración da sociedade mercantil se ben debe terse en conta as peculiaridades que se sinalan na normativa administrativa antes citada (artigo 89 do RSCL preceptúa que “... a xestión directa dos servizos económicos poderá selo en réxime de empresa privada, que adoptará a forma de responsabilidade limitada ou Sociedade Anónima, e constituirase e actuará con suxeición ás normas legais que regulen ditas compañías mercantís, sen prexuízo das adaptacións previstas por este Regulamento”. Como se observa, establece criterios de actuación de acordo coa normativa relativa ás sociedades mercantís, pero coas especialidades establecidas, que afectan exclusivamente á constitución e funcionamento dos órganos reitores.

3.—*Características fundamentais*

As sociedades mercantís caracterízanse fundamentalmente:

- a) Forma mercantil de responsabilidade limitada. Sociedade anónima ou de responsabilidade limitada, constituíndose principalmente conforme ao preceptuado na Lei de sociedades anónimas de 22 de decembro de 1989, Lei de sociedades de responsabilidade limitada de 23 de marzo de 1995, e demais normativa de aplicación.
- b) Capital de pertenza integra á Administración.
- c) Personalidade xurídica independente a súa Administración matriz que a dota de autonomía patrimonial e funcional.

d) Actuación sometida ao dereito privado, o que a dota dunha maior axilidade e flexibilidade nas súas actuacións.

En canto ao obxecto social dicir que, con carácter xeral, para lograr unha maior axilidade na xestión, é conveniente que a empresa estableza nos seus estatutos un obxecto social amplo, para que teña unha ampla competencia no turismo. Así poderá realizar todo tipo de actuacións referidas ao turismo que lle encomende a Administración que a crea, non necesitado adaptar o obxecto social de acordo coas necesidades, coa problemática que a deriva.

Por todo o exposto, considérase conveniente que a sociedade que se constitúe teñan un obxecto social amplo en todo o relacionado co turismo.

4.—*Vantaxes desta figura fronte ao réxime tradicional*

Cando se analizaron os aspectos sociais sinaláronse cales eran as vantaxes que representaban a xestión dos servizos públicos de turismo a través dunha sociedade mercantil local. Estas vantaxes son plenamente aplicables e para non reproducilos remitímonos ao exposto.

En todo caso, e desde o punto de vista xurídico débense destacar as seguintes vantaxes que xustifican a creación desta figura:

Esta fórmula de xestión directa, mediante a creación dunha empresa municipal de natureza mercantil e con personalidade xurídica independente, é a mellor adaptada ao entorno mercantil en que se desenvolven os procesos dinámicos do turismo con todos os problemas. Elo é así, pois preséntanse unhas condicións de maior axilidade e flexibilidade de xestión nos seus aspectos técnicos, financeiros de xestión dos recursos postos a súa disposición e dos de interrelación cos suxeitos de dereito privado.

En concreto caracterízase este tipo de xestión fundamentalmente polo sometemento ao dereito privado, o que consegue evadir o sometemento aos rixidos modos administrativos, así como a evasión de presións de carácter político. En relación á supresión do rixido Dereito Administrativo, fundamentalmente evítase a aplicación de:

- Os trámites de actuación administrativa.
- As trabas para o recrutamento de persoal, sometido ao dereito laboral.
- Os efectos dilatorios das trabas tutelares e de intervención.

En concreto, prevese unha maior facilidade de contratación de todo tipo de contratos, xa que o réxime xurídico é máis flexible co das Administracións públicas segundo a LCSP (por exemplo ver dos artigos 173 a 176 da LCSP).

A autonomía de xestión desta sociedade municipal será compatible co exercicio permanente das funcións de inspección, control e tutela sobre a mesma por parte do Excmo. Concello de Pontevedra, único accionista da sociedade. Tales funcións exercitaranse a través dos medios que a lexislación de réxime local e a lexislación mercantil pon a disposición do Concello como socio único da empresa pública municipal, fundamentalmente tendo o poder de decisión nos órganos de goberno ao posuír integramente o capital social e, en particular, mediante a aprobación de :

O plan de actuacións da empresa e as súas posibles modificacións.

Os orzamentos da empresa, de acordo coa Lei reguladora das facendas locais.

As contas anuais.

Os programas anuais de actuación, inversión e financiación.

Desde o punto de vista do dereito comparado é unha figura moi extendida en cidades como San Sebastian, Santiago de Compostela, etc..

Ademais nos casos da existencia dun sector privado reticente a participar inicialmente ou moi débil como é o caso da cidade de Pontevedra é unha fórmula adecuado polos amplos aspectos positivos que presenta, contrastados na realidade pola súa existencia crecente no ámbito turístico dunha boa parte das cidades europeas e españolas.

4.—*ASPECTOS TÉCNICOS E BASES DE XESTIÓN*

a) *Funcións e facultades*

Como xa afirmamos anteriormente o obxecto social da sociedade mercantil que se cree conceputarase dunha forma ampla para abarcar todos os aspectos relacionados co turismo e abarcar todas as cuestións relacionadas con este fenómeno.

Tradicionalmente, estes entes de xestión do turismo prestaban e realizaban funcións moi limitadas. Así nun primeiro momento, adicábanse a atender os visitantes, concretamente no ámbito da información turística. Con posterioridade, a partir dos anos setenta, incorporáronse funcións relacionadas coa propaganda e a promoción, e xa coa constitución dos novos Concellos democráticos é cando se comeza a incorporar programas de actuación relacionados coa creación do produto e a planificación turística, buscando a implicación do tecido empresarial a través de distintas fórmulas e tipoloxía de entes. Máis recentemente, e especificamente, a partir dos primeiros anos noventa e derivado da crecente importancia do turismo urbano e cultural, e do turismo de reunións, da aceleración dos cambios nos entornos e da agudización da competitividade, iniciase a incorporación de novas funcións necesarias para a avaliación dos cambios e tendencias (observatorios turísticos); o

reforzamento na creación e innovación de produtos e servizos e a comercialización, para o cal xa se esixen organismos máis potentes e en algúns casos especializados, especialmente en grandes cidades.

En definitiva, na actualidade, os grandes ámbitos de competencia que ten que asumir a sociedade mercantil a este nivel serían os seguintes:

1.—Información e atención ao visitante.

Esta é unha actividade básica e común de calquera ente que xestione o turismo. Actualmente internet e outros mecanismos relacionados coas novas tecnoloxías permiten facilitan esta labor.

2.—Promoción e marketing.

Constitúen o ámbito que representa o maior atractivo para a participación do sector empresarial privado e que da lugar a un amplo conxunto de actividades.

3.—Intelixencia e planificación turística.

Nun mundo globalizado e cambiante, onde o turismo sofre unha grande mutabilidade debe actuar-se de maneira estratéxica planificando distintas accións que permitan adaptarse os cambios evolutivos de maneira rápida e eficaz, e neste senso a sociedade mercantil terá que potenciar a planificación, que permita analizar, prever, responder e dar satisfacción aos problemas, necesidades e sensibilidades turísticas.

4.—Creación e desenvolvemento dos produtos turísticos e servizos.

Hoxe, nun mundo que existe unha crecente competitividade turística entre os distintos territorios, a sociedade mercantil debe ter competencia para perfilar produtos e servizos que fagan atractivo a Pontevedra como destino. Produtos e servizos de calidade, aproveitando as potencialidades e intentando emendar as debilidades.

5.—Comercialización.

Un dos últimos aspectos competenciais que están asumindo os novos entes creados, coa forma das sociedades mercantís turísticas locais está na necesidade de “vender” o atractivo do destino para ser un foco de atracción constante e xerador polo tanto de riqueza e emprego.

6.—Fomento da calidade, a formación e a sensibilización.

Hoxe en día existe unha grande competencia entre os distintos territorios no sector turístico. Se se quere que determinados espazos sexan cualitativamente mellores e sexan máis atractivos haberá que potenciar factores clave que fan dun destino un polo da atracción: a calidade, a formación dos axentes que actúan no ámbito do turismo e que os cidadáns sexan coñecedores e conscientes de que un turista supón un elemento de riqueza presentase hoxe como algo de especial transcendencia.

7.—Xestión de equipamentos e servizos.

Se a sociedade mercantil que cree Pontevedra quere que sexa completa no senso de ofrecer un servizo público de turismo de calidade en sentido amplo terá que apostar pola xestión de diversos espazos con incidencia no turismo e con servizos tales como a reserva de aloxamentos e eventos culturais.

Nos estatutos que se acompañan como punto 6 desta memoria óptase por un obxecto social amplo que abrangue os sete puntos anteriores. As facultades enuméranse no artigo 4 e van na liña de posibilitar un amplo marxe de manobra. Como se percibe óptase pola configuración dunha sociedade activa, no senso de non so prestar un servizo en función das peticións dos cidadáns senón de ter iniciativa para xerar riqueza, emprego tomando o turismo como un elemento ou motor da actividade que abrangue un gran espazo (xa sexa crear equipamentos, xa sexa mellorar a calidade, a formación, etc..).

b) Estructura da organización e plantel

Como toda sociedade mercantil, a sociedade “Turismo de Pontevedra, S.A.” terá unha dobre estrutura: unha estrutura de administración e goberno e unha estrutura de xestión das súas actividades.

1.—Administración e goberno

A administración e goberno da Empresa e a dirección da xestión corresponden á Xunta Xeral, ao Consello de Administración, o Presidente e a Xerencia, coas facultades e poderes que, de acordo coa lexislación de réxime local e mercantil e co sinalado nos estatutos, lles corresponde.

2.—Estructura de Xestión

A estrutura de xestión que se propón nestes momentos sería dun so departamento que abarcaría toda a prestación do servizo turístico, sen prexuízo de que co tempo se dote dunha estrutura máis complexa.

Así se podería establecer un so departamento que se denominaría de “departamento de turismo” que asumirá todas as funcións sen prexuízo de que co tempo se vaia cambiando ou modificando.

Esta organización está concibida para o pleno e adecuado desenvolvemento da empresa, o cal non significa que a sociedade deba dotarse dunha infraestrutura moi numerosa e excesivamente custosa para a mesma. Nun principio e, en tanto as circunstancias non impoñan outra cousa, o persoal será o mínimo imprescindible. Un xerente e un administrativo exercerán as funcións principais de xestión. Así mesmo existirán tres auxiliares técnicos turísticos. Por elo o plantel necesario para ocupar a organización definida, na actualidade, cualifícase nos

efectivos mínimos indicados. En canto o asesoramento atribúese o secretario do Consello de Administración e este pode contratarse externamente.

Ademais, por acordo da Xunta Xeral da Sociedade, esta estrutura e o seu plantel poderá ser modificado para cada exercicio adaptándose ás necesidades que no desenvolvemento da xestión da empresa se produzan nos exercicios futuros.

3.—*Réxime de persoal*

A contratación e nomeamento do persoal ao servizo da empresa corresponden ao seu Consello de Administración, o cal poderá delegar estas funcións no Presidente ou Xerente da mesma, pero sempre dando conta, nese caso, ao referido Consello de Administración.

O réxime de persoal, en canto a relación laboral coa empresa, dereitos e deberes laborais, contrato de traballo, dereitos de representación, remuneracións, convenios colectivos, etc. dos empregados da sociedade municipal será o réxime laboral común encadrado no estatuto dos traballadores e normativa complementaria e, en canto ás prestacións sociais, o configurado polo marco do réxime común da seguridade social vixente, sen prexuízo dos preceptos aplicables da Lei 7/2007, polo que se aproba o estatuto básico do empregado público.

5.—*ASPECTOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS*

Aínda que se ben a sociedade municipal Turismo de Pontevedra, S.A. non se plánte a cunha finalidade lucrativa, de conformidade co previsto no artigo 97.b) do TRRL pode obter beneficios. Os beneficios, se os houbese, destinaranse aos fins propios da sociedade.

A totalidade dos ingresos da empresa destinaranse aos fins sinalados no seu obxecto social e a cobertura dos gastos orixinados polo desenvolvemento das súas actividades.

Tamén serán bens da empresa os que se adquiriran pola súa conta utilizando os recursos propios, por calquera medio; canxe, compra, venda forzosamente,...

Serán os recursos principais da empresa:

- a) Os produtos propios do desenvolvemento da súa actividade social: venda merchandising, publicacións, servizos de turísticos como visitas guiadas, central de reservas, implantación de sistemas de calidade, etc.
- b) Os créditos ou subvencións que se lle concedan polas entidades públicas ou privadas e as operacións de endebedamento que realice a propia empresa.
- c) Os producidos polos seus bens propios e entre eles os ingresos financeiros dos seus capitais.
- d) As aportacións do Concello con cargo aos seus orzamentos.

Nos aspectos económico financeiros esta sociedade terá un funcionamento igual o de calquera sociedade mercantil privada, reflectirá as súas operacións, por unha banda, na súa conta de perdas e ganancias (compreensiva dos gastos e ingresos de cada exercicio e pola diferenza do resultado do mesmo) e, pola outra, no estado de orixe e aplicación de fondos ou cadro de financiamento, que recollerá o total dos recursos obtidos en cada exercicio así como a aplicación ou o emprego dos mesmos inmovilizados ou no circulante. Ao final de cada exercicio anual formarase un balance descritivo da situación patrimonial da empresa que comprendera o conxunto dos bens e dereitos que constitúen o activo da mesma e as obrigacións e os fondos propios que forman o seu pasivo.

De acordo co disposto no artigo 149.3 da Lei reguladora das facendas locais, as sociedades mercantís dependentes da Entidade Local, remitirán a esta, antes do día 15 de setembro de cada ano, súas previsións de gastos e ingresos, así como os programas anuais de actuación, investimentos a realizar durante o exercicio, as fontes de financiamento de ditos investimentos, con especial referencia ás aportacións a recibir da Entidade Local; a relación de obxectivos a realizar no exercicio.

Os estados de previsión da sociedade elaboraranse e presentaranse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade vixente para as empresas españolas, conforme o Real Decreto 1515/2007, de 1 de novembro, polo que se aproba o plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.

Presentaranse de seguido as previsións de gastos e ingresos e o cadro de financiamento e investimentos que se corresponden ás actuacións previstas pola sociedade, así como a avaliación económica de cada un dos conceptos que conforman o funcionamento económico - financeiro da mesma para o primeiro exercicio que será o correspondente a súa constitución.

Os orzamentos dunha sociedade mercantil, á contra que nas Corporacións locais, non son limitativos e teñen por finalidade describir en cifras económicas os programas de acción a desenvolver pola sociedade durante o exercicio, pero coas cantidades expresadas en dito orzamento supoñen unha previsión o máis axustada posible, pero non unha obriga á que haxa de acollerse obrigatoriamente por imperativo legal podendo darse unha execución real con desviacións respecto ás estimacións iniciais.

Investimentos

Recolle os elementos do patrimonio destinados a servir de forma duradeira na actividade da empresa.

A continuación recollemos as partidas máis importantes para iniciar a actividade:

Mobiliario

Equipos informáticos e similares

Outros elementos

Ingresos da sociedade

Os recursos que xere a sociedade serán todos aqueles que se poidan obter como consecuencia da prestación de servizos ou da venda de produtos turísticos, así como pola xestión directa de equipamentos públicos e privados ou outro tipo de eventos.

Os ingresos principais provirán das seguintes vías:

- Merchandaising ou venda de produtos que xeren ingresos e repercutan na imaxe do destino (folletos, guías, publicacións,...).
- Centrais de reservas, tanto hoteleiras, como de espectáculos, excusións e outros servizos turísticos e culturais.
- Explotacións de servizos e produtos turísticos como poden ser servizos de praias, visitas guiadas, implantación de sistemas de calidade...
- Publicidade, por venda de espazos en publicacións, folletos, guías,...
- Xestión de equipamentos públicos e privados de diversa índole.

Para o desenvolvemento de certos servizos e produtos da sociedade mercantil é preciso a adopción de mecanismos de consenso co sector privado para evitar que se produza unha competencia directa con eles nalgún ámbito, como é o caso da central de reservas.

As principais fontes de financiamento da empresa provirán, en especial nos primeiros anos, das administracións públicas e das aportacións privadas á empresa pero os recursos que xere a Sociedade deberían de irse incrementando cuantitativamente ano tras ano.

Gastos da actividade da sociedade

a) Gastos de constitución

Contemplaranse os gastos de inscrición do nome no Rexistro Mercantil, gastos de notaría, gastos da inscrición no Rexistro Mercantil, gastos iniciais en publicidade (rótulos,...),...

b) Gastos de persoal

Soldos e Seguridade Social (considerando a seguinte estrutura: xerente; un/a administrativo/a; tres auxiliares técnicos turísticos)

Dietas por asistencias a Xunta Xeral e ao Consello de Administración

c) Gastos operativos

Son os que se derivan da realización das distintas funcións da sociedade tanto no campo da información e atención ao visitante, como no desenvolvemento de produtos, accións de promoción e comercialización, poden sinalarse como as máis significativas as seguintes:

1. Desenvolvemento de sistemas de información e intelixencia.

A posta en marcha dun sistema de información e avaliación continua tanto da demanda (visitantes) como do mercado a través da realización de enquisas e análise de datos concretos por medio dun Observatorio turístico que nos permita contar coa información necesaria para adoptar as medidas máis idóneas en cada momento e efectuar os axustes necesarios nas actuacións da Sociedade.

2. Creación e mantemento dunha páxina web

Constitúe un elemento esencial no ámbito da información turística xa que sete de cada dez visitantes utilizan Internet para obter información acerca do destino que posteriormente visita. Unha páxina específica para turismo, permanentemente actualizada, que será ademais unha extraordinaria ferramenta de venda do destino turístico, dos seus eventos e dos seus produtos e servizos e un canle de comercialización que cada vez é o máis utilizado.

3. Informatización da oficina de información e atención ó visitante

O pleno uso das tecnoloxías da informatización e da comunicación, posibilita o exercicio da función de xeito máis áxil e eficaz, evitando tempos de espera innecesarios e manexando amplas cantidades de datos que poden ser de interese para o visitante. Potencia a produtividade do persoal de información e é mostra de modernidade e eficacia para o desenvolvemento do servizo.

4. Creación e desenvolvemento de produtos

Tratase de crear e impulsar o desenvolvemento de produtos e servizos turísticos nos ámbitos do turismo urbano e cultural e do turismo de reunións, principalmente que posibiliten dar maior contido á visita e a estancia na cidade de Pontevedra e, por tanto, aumentar o gasto turístico e a estancia media así como a ocupación. Na fase inicial é previsible o déficit na súa implantación.

5. Imaxe e promoción do destino

Dentro deste apartado contemplaranse unha partida para a creación dunha nova imaxe do destino turístico de Pontevedra e unha primeira campaña de medios para introducila nos mercados máis importantes.

6. Comercialización

Neste apartado inclúense as accións de marketing e campañas cara touroperadores, tanto aquelas realizadas a través de Internet como doutro tipo.

7. Implantación de sistema de calidade

Os establecementos adicados ó turismo para dar un bó servizo deben cumprir cuns elevados niveis de calidade, por isto é interesante que a propia entidade adopte un sistema de calidade.

d) Consumos netos e gastos externos

- Servizo de Secretaría e asesoría xurídica externa
- Seguros
- Material de oficina
- Subministros
- Outros gastos

e) Amortizacións:

Serán as necesarias para o mantemento da capacidade produtiva dos activos fixos. Neste apartado séguense as indicacións que a Axencia estatal da Administración Tributaria fai ao respecto.

Cadro. Amortizacións

<i>Dotación anual Amortización</i>	<i>% dotación</i>
Gastos de Constitución	20,0%
Gastos de 1ero. Establecemento	20,0%
Investimento en I + D	20,0%
Propiedade Industrial	20,0%
Aplicacións Informáticas (soft)	45,0%
Terreos	0,0%
Construcións	3,0%
Maquinaria	10,0%
Instalacións	10,0%
Mobiliario	10,0%
Equipos Informáticos (hard)	33,0%
Elementos de Transporte	16,0%
Outro Inmobilizado	10,0%

Aumentouse a porcentaxe de dotación no caso dos equipos informáticos e das aplicacións software debido ao rápido envellecemento destas.

f) Gastos financeiros

Os derivados de operacións financeiras.

g) Outros gastos

Contabilizaranse contablemente de acordo co Plan xeral de contabilidade vixente todos aqueles gastos que, como consecuencia de operacións adicionais, non contempladas nos orzamentos, prodúzanse ao longo do exercicio e nos exercicios vindeiros.

A vista dos gastos e ingresos previstos para a sociedade, de seguido presentamos unha táboa indicando os gastos e ingresos previsibles desde o ano 2009 ao 2011, así como á aportación de capital so-

cial, no presente exercicio económico, do Concello á Sociedade:

2008: Aportación de capital social do Concello 60.102,00 €.

2009: Gastos 560.000,00 €. Ingresos: Concello = 71,43% (400.000,00 €). Outras Administracións Públicas = 25% (140.000,00 €). Sector privado e ingresos propios = 3,57% (20.000,00 €).

2010 (ano Xacobeo): Gastos 650.000,00 €. Ingresos: Concello = 63,85% (415.000,00 €). Outras Administracións Públicas = 30,77% (200.000,00 €). Sector privado e ingresos propios = 5,38% (35.000,00 €).

2011: Gastos 660.000,00 €. Ingresos: Concello = 65,15% (430.000,00 euros). Outras Administracións Públicas = 27,27% (180.000,00 €). Sector privado e ingresos propios = 7,58% (50.000,00 €).

Resultados

Serán os que determine a Conta de Perdas e Ganancias de acordo cos principios establecidos no plan xeral de contabilidade.

Financiamento

O perfil do financiamento inicial neste tipo de empresas atende principalmente aos seguintes aspectos:

- Aportacións do Concello de Pontevedra
- Financiamento alleo:
 - Subvencións doutros organismos públicos (Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Ministerio de Industria, Comercio e Turismo...)
 - Entes corporativos como a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra ou outros órganos corporativos privados e asociacións empresariais
 - Aportacións a título individual. Realizadas por algunhas empresas da zona, xa sexa de xeito esporádico ou estable, tales como Caixas de aforro, grandes empresas,...
- Autofinanciamento, que no primeiro ano serán escasos o ingresos neste apartado. Dentro deste apartado convén incluír: as cotas (fixas e anuais) que se poden percibir dos sectores empresariais implicados polos servizos que se presten pola sociedade, podendo ser proporcionais á dimensión da empresa e segundo a súa implicación no desenvolvemento dun produto turístico determinado; e ingresos por esponsorización, pola participación puntual dunha empresa ou grupo no financiamento dun evento específico (produto ou servizo) da cal obterá beneficios de imaxe e notoriedade.

Unha vez posta en marcha a empresa e estudados os investimentos e gastos iniciais necesarios para o seu funcionamento, en caso de ser insuficientes os recursos financeiros a empresa poderá acollerse a operacións de crédito.

6.—ESTATUTOS DA SOCIEDADE

ESTATUTOS DA SOCIEDADE ANÓNIMA DENOMINADA “TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.”

TÍTULO I

DENOMINACIÓN, OBXECTO, FACULTADES, DOMICILIO E DURACIÓN.

ARTIGO 1º. DENOMINACIÓN

Coa denominación de “Turismo de Pontevedra, S.A.”, o Concello de Pontevedra constitúe unha sociedade anónima mercantil, de capital integramente público, para a xestión da actividade e servizo público de turismo.

Recoñese expresamente a esta sociedade como medio propio e servizo técnico do Concello de Pontevedra no ámbito do turismo.

ARTIGO 2º. OBXECTO SOCIAL

1.—A sociedade terá por obxecto a promoción, desenvolvemento e potenciación das actividades económicas e sociais que contribúan, directa ou indirectamente a impulsar o desenvolvemento do turismo no ámbito territorial do Concello de Pontevedra.

2.—A Sociedade para o exercicio das actividades que integran o seu obxecto social poderá asinar acordos coas Administracións Públicas e particulares, obter e xestionar a financiación precisa. Asemade poderá, para desenvolver o seu obxecto, total ou parcialmente, de modo indirecto mediante a titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto social idéntico ou análogo e incluso mediante a súa creación.

3.—Para os fins sinalados, as actuacións da sociedade poderán levarse a cabo, non so no municipio, senón en todo o territorio do Estado e incluso no estranxeiro.

4.—Quedan excluídas todas aquelas actividades para cuxo exercicio a Lei esixa requisitos especiais que non queden cumpridos por esta Sociedade.

ARTIGO 3º. DOMICILIO SOCIAL

O seu domicilio social queda fixado en Pontevedra, na praza da Verdura, s/n, 36071-Pontevedra. O Consello de Administración poderá acordar o cambio de domicilio que consista no seu traslado dentro do mesmo termo municipal, así como a creación, suspensión ou traslado de sucursais, axencias, delegacións, representacións e dependencias, tanto en territorio nacional como fora del.

ARTIGO 4º. DURACIÓN

A súa duración será indefinida ou ilimitada e dará comezo ás súas operacións o día da firma da escritura de constitución.

TÍTULO II

RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 5º. RÉXIME XURÍDICO

A Sociedade, de nacionalidade española, rexerase polos presentes estatutos, e no non previsto neles pola normativa de réxime local e de sociedades que resulte de aplicación e calquera outra que sexa aplicable a súa actividade específica.

As referencias contidas nestes estatutos a normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aquelas normas que as substitúan ou modifiquen.

TÍTULO III

CAPITAL SOCIAL

ARTIGO 6º. CAPITAL SOCIAL

1.—O capital social é de 60.102,00 euros dividido e representado en 100 accións nominativas, da mesma clase e serie, cada unha delas cun valor nominal de 601,02 euros numerados correlativamente do 1 ó 100, ambos inclusive, e totalmente desembolsadas e subscritas polo Concello de Pontevedra.

2.—Os títulos representativos das accións conterán os extremos a que se refire o artigo 53 do Texto refundido da lei de Sociedades Anónimas, do 22 de decembro de 1989 e figurarán no Libro rexistro de accións nominativas da Sociedade.

3.—O Concello de Pontevedra é o titular de todas as accións, non podendo transferilas nin destinalas a outras finalidades distintas ao obxecto da sociedade, salvo nos supostos e cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de réxime local.

3.—No tocante as ampliacións de capital haberá que estar ao disposto no Texto refundido da lei de Sociedades Anónimas, do 22 de decembro de 1989.

ARTIGO 7º. EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS OU OUTROS TÍTULOS DE DÉBEDA

1. Nas condicións establecidas pola Lei, a Sociedade poderá emitir obrigacións, simples ou hipotecarias, e outros títulos que recoñezan ou creen unha débeda.

2. O Consello de Administración determinará a clase de emisión, condicións de toda orde, tanto por cento de xuros, modo e época de reembolso e demais particularidades do título se o acordo da Xunta Xeral non precisara estes extremos.

3. A Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración, nomeará o Comisario-Presidente do Sindicato de Obrigacionistas, quedando constituído este unha vez que se inscriba a escritura de emisión.

4. O importe total das obrigacións en circulación non excederá do importe do capital desembolsado, máis as reservas que figuren no último balance aprobado e nas contas de actualización e regulación de balances, cando fosen aceptadas polo Ministerio de Economía e Facenda.

TÍTULO IV DOS ÓRGANOS SOCIAIS

ARTIGO 8º. ÓRGANOS DA SOCIEDADE

Os órganos de goberno e administración serán:

- A Xunta Xeral.
- O Consello de Administración.
- A Xerencia.

CAPÍTULO I DA XUNTA XERAL

ARTIGO 9º. XUNTA XERAL

1.—A Xunta Xeral, órgano supremo da sociedade, será convocada expresamente con tal carácter, coas facultades e atribucións que a normativa determine.

2.—Actuarán como Presidente da Xunta Xeral, o Alcalde ou quen o substitúa de acordo coa normativa vixente.

3.—O Presidente da Xunta Xeral poderá autorizar a asistencia ou invitar, canto estime que a súa presenza poida ser de interese para a boa marcha dos asuntos sociais a Directores, Técnicos e persoas interesadas dalgún modo nos asuntos sociais, que actuarán, no seu caso, con voz e sen voto.

4.—Ás reunións da Xunta Xeral poderán asistir con voz os membros do Consello de Administración que non o sexan da corporación, o Interventor e no seu caso, o secretario do Consello de Administración.

ARTIGO 10º. PERIODICIDADE

1.—As sesións da Xunta Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2.—A Xunta Xeral debidamente convocada, celebrará sesión ordinaria dentro do primeiro semestre de cada exercicio, para censurar a xestión social, aprobar, no seu caso, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a proposta de aplicación do resultado.

3.—Calquera outro tipo de Xunta Xeral que se ocupe de asuntos distintos dos mencionados no parágrafo precedente terá a consideración de extraordinaria.

4.—A Xunta Xeral, debidamente convocada, celebrará sesión extraordinaria, cando o requira o Consello de Administración e naqueles supostos que o impoña a lexislación vixente.

ARTIGO 11º. XUNTA UNIVERSAL

Non será necesaria previa convocatoria, sempre que estando presente todos os seus membros e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Xunta Xeral, que poderá neste caso, tratar de calquera asunto.

ARTIGO 12º. DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Os acordos tomaranse por maioría simple dos membros asistentes. Aqueles acordos que pola súa natureza afecten a materias que requiran unha maioría ou quórum especial segundo a lexislación aplicable, haberán de adoptarse con dita maioría ou quórum.

ARTIGO 13º. ACTAS

1.—De cada sesión da Xunta Xeral levantarase polo secretario unha acta de todo o tratado, que se inscribirá no Libro levado ao efecto. A acta poderá ser aprobada pola propia Xunta Xeral ao final da sesión ou, na súa falta, dentro do prazo de quince días, polo Presidente e dous Interventores designados pola Xunta Xeral. Cando a aprobación da acta non teña lugar ao final da reunión consignarase ese extremo xunto coa data e o sistema de aprobación.

A Acta aprobada por calquera destas formas terá forza executiva a partires da data da súa aprobación.

2.—En canto á facultade de certificar as actas e os acordos sociais, corresponde ao secretario emitilas sempre co visto e prace do Presidente.

ARTIGO 14º. FUNCIONAMENTO

A Xunta Xeral rexerese en canto o réxime de funcionamento e adopción de acordos polas disposicións que, en cada momento, estiveran vixentes en materia de réxime local. Para as restantes cuestións sociais se aplicarán as normas reguladoras do réxime de sociedades anónimas.

ARTIGO 15º. COMPETENCIAS

Corresponde á Xunta Xeral:

- a) Determinar a composición e o número de membros do Consello de administración e nomear e cesar aos seus membros. Fixar as retribucións e réxime de indemnizacións dos membros do Consello de Administración.
- b) Aumentar ou diminuír o capital social.
- c) Modificar os estatutos.
- d) Emitir obrigas.
- e) A transformación, fusión e escisión da sociedade.
- f) Aprobar o estado de previsión de ingresos e gastos (orzamento), as contas anuais, o infor-

me de xestión e resolver sobre a aplicación do resultado.

- g) Aprobar o inventario.
- h) As demais facultades que a lexislación societaria atribúe á Xunta Xeral.

CAPÍTULO II

DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 16º. CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

O Consello de Administración é o órgano de goberno e xestión permanente da entidade ao que corresponde velar pola consecución dos obxectivos asignados á mesma. Terá plenas facultades de dirección, xestión e administración asumindo ademais a representación social en todos os asuntos relativos ao seu xiro ou tráfico, todo elo dentro das presentes normas estatutarias, dos preceptos da lexislación mercantil e sen prexuízo das que se reservaren a outros órganos da sociedade.

ARTIGO 17º. COMPOSICIÓN E DURACIÓN DO CARGO DE CONSELLEIRO

1.—O Consello de Administración estará integrado por un máximo de nove membros designados libremente pola Xunta Xeral, dos cales polo menos a metade máis un serán concelleiros da Corporación, e o resto poden ser ou membros da Corporación ou persoas especialmente capacitadas.

2.—O Consello de Administración designará ao Presidente. O Consello de Administración terá un Secretario. O secretario non formará parte do Consello de Administración.

3.—Os membros do Consello de Administración estarán afectados polas incapacidades e incompatibilidades que para exercer cargos representativos sinala a lexislación vixente en cada momento, e especificamente a normativa de réxime local.

4.—Os Conselleiros serán nomeados por un período de catro anos, se ben poderase producir unha ou máis reeleccións por períodos de igual duración.

5.—Todos os Conselleiros que sexan membros da Corporación cesarán automaticamente ao constituírse unha nova Corporación, se ben continuarán nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.

6.—Cando algún Conselleiro cese no seu cargo, a Xunta Xeral nomeará ao designado para substituírle polo período de tempo que ao substituído lle quedase por cumprir.

7.—Se durante o período para o que fosen nomeados os Conselleiros se produxesen vacantes, o Consello de Administración poderá designar as persoas que teñan que ocupalas, ata que se reúna a primeira Xunta Xeral e se proceda de conformidade co establecido no parágrafo anterior.

8.—Para un mellor seguimento da xestión da Sociedade, o Xerente e o Interventor municipal asistirán as sesións do Consello. Así mesmo, o Consello poderá recabar a asistencia de calquera persoa que sexa considerada de interese para a Sociedade.

ARTIGO 18º. RÉXIME DE SESIÓNS

1.—O Consello de Administración reunirse en sesión ordinaria unha vez cada tres meses, no lugar, día e hora que o Presidente determine.

2.—O Consello de Administración reunirse en calquera momento en sesión extraordinaria, a iniciativa do seu Presidente ou a petición de cando menos, un terzo dos seus membros. Neste último suposto, os membros do Consello de Administración deberán presentar un escrito solicitándoo acompañado dunha proposta de orde do día e o Presidente deberá de convocar o Consello de Administración no prazo de 15 días desde a recepción da solicitude. Nas reunións a instancia dos membros do Consello, na orde do día terán que constar os puntos expresamente solicitados, ademais de aqueles outros que o Presidente considere pertinentes.

3.—As convocatorias do Consello serán feitas polo Presidente, por escrito dirixido a cada un dos seus membros con vinte catro horas de antelación, salvo cando se trate de asuntos urxentes, que non estarán suxeitas a prazo algún sempre que se ratifique a urxencia por maioría simple dos membros.

4.—O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, a metade máis un dos seus compoñentes. En todo caso requírese a presenza do Presidente e do Secretario ou das persoas quen os substitúan ou en quen deleguen.

5.—A representación para concorrer ao Consello haberá de recaer necesariamente noutro Conselleiro e deberá realizarse por escrito. As deliberacións do Consello serán dirixidas polo Presidente, que concederá a palabra a todos os conselleiros que desexen intervir e cando considere que os criterios están suficientemente expresados, procederase á votación.

6.—Salvo os acordos en que a lexislación esixa maioría reforzada, estes adoptaranse por maioría dos conselleiros asistentes e representados, decidindo en caso de empate o voto do Presidente.

7.—No caso de que en primeira sesión non se tivese a presenza do número de membros indicados, citarase unha nova reunión, non antes das vinte e catro horas seguintes, podéndose tomar os acordos, nesta, por maioría simple dos asistentes, salvo que a lexislación esixa maioría reforzada.

8.—O Consello de administración, en defecto da regulación establecida nestes estatutos ou na lexislación aplicable, regulará o seu propio funcionamento.

ARTIGO 19º. DO LIBRO DE ACTAS

Os acordos do Consello reflectiranse en actas, as cales se transcribirán no libro correspondente coa sinatura do Presidente e do Secretario. As actas serán asinadas polo Presidente, no seu caso e o Secretario. As certificacións das actas e acordos serán expedidas polo Secretario do Consello de Administración co visto e praxe do Presidente.

ARTIGO 20º. FACULTADES

O Consello de Administración, como órgano de goberno e xestión permanente da sociedade, atópase investido das máis amplas facultades para todo o referente á representación da Sociedade, a administración e a xestión da mesma, así como a disposición do seu patrimonio, correspondéndolle todas as facultades non atribuídas pola lexislación vixente ou en virtude destes estatutos á outros órganos de goberno.

ARTIGO 21º. DELEGACIÓN DE FACULTADES

O Consello de Administración poderá delegar de forma permanente todas ou algunhas das súas facultades, excepto as indelegables.

**CAPÍTULO III
DA XERENCIA**

ARTIGO 22º. DA XERENCIA

1.—O Consello de Administración nomeará e cesará no seu caso, a proposta do Presidente, á Xerencia.

2.—A relación entre a Xerencia e a Sociedade configúrase como unha relación laboral especial de alta dirección e se regulará mediante o correspondente contrato, que subscribirá o Presidente do Consello, cuxas condicións serán determinadas polo Consello de Administración.

3.—A Xerencia asistirá con voz e sen voto as reunións da Xunta Xeral e do Consello de Administración.

ARTIGO 23º. FACULTADES DA XERENCIA

É función da Xerencia da Sociedade dirixir e supervisar as actividades da Sociedade, desenvolver a xestión económica conforme ao orzamento vixente e impulsar a súa actividade dentro das directrices emanadas dos restantes órganos da mesma.

Corresponden en concreto á Xerencia as seguintes facultades:

- a) Asistir ao Consello de Administración e ao Presidente no exercicio das súa funcións; informarlles e asesorarlles acerca dos asuntos que traten e executar os seus acordos e resolucións.
- b) Propoñer, a través do Presidente ao Consello de Administración, as contas anuais, o infor-

me de xestión do exercicio precedente, a aplicación do resultado e a proposta do estado de previsión de ingresos e gastos (orzamento).

- c) Ostentar a Xefatura directa e inmediata do persoal ao servizo da Sociedade; distribuír e controlar o traballo e, en xeral, adoptar as medidas necesarias para o mellor funcionamento da mesma.
- d) Subscribir a documentación da Sociedade necesaria para a execución de acordos e resolucións e conformar as certificacións, liquidacións e recepcións de obras, servizos, subministrados e contratos en xeral, así como os gastos derivados do seu funcionamento, sen prexuízo das aprobacións que correspondan aos órganos da sociedade.
- e) Representar a Sociedade, por delegación expresa do Presidente, ante terceiros.
- f) Informar da xestión económica-financeira cada tres meses ao Consello de Administración.
- g) En xeral, asumir cantas funcións lle encomenden expresamente o Consello de Administración ou o Presidente.

**TÍTULO III
CONTRATACIÓN**

ARTIGO 24.—CONTRATACIÓN

A sociedade axustará a súa actuación en materia contractual a Lei 30/2007, de contratos do sector público nos termos previstos nela e demais normativa que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 25.—MEDIO PROPIO E SERVIZO TÉCNICO

1.—As relacións entre á sociedade e o Concello de Pontevedra do que é medio propio e servizo técnico ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encomendas de xestión das previstas no artigo 24.6 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

2.—O ámbito das encomendas de xestión que se realicen será o relacionado co turismo e en xeral coas actividades incluídas co seu obxecto social.

3.—A sociedade non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polo Concello de Pontevedra. Non obstante, cando non concorran ningún licitador poderá encargarse a esta entidade a execución da actividade obxecto de licitación sempre que este comprendida no ámbito turístico.

4.—A comunicación de realizar unha encomenda de xestión no ámbito turístico determinará a

obriga por parte da sociedade de realizar esta actuación.

TÍTULO IV

EXERCICIO SOCIAL E CONTAS ANUAIS

ARTIGO 26º. EXERCICIO SOCIAL

1.—O exercicio social comezará o primeiro de xaneiro e pecharase o trinta e un de decembro de cada ano.

2.—Por excepción, o primeiro exercicio social comezará o día da sinatura da escritura de constitución e terminará o trinta e un de decembro do mesmo ano.

ARTIGO 27º. RÉXIME DE CONTABILIDADE

A sociedade esta sometida ao réxime de contabilidade pública, sen prexuízo de que se adapten ás disposicións do Código de Comercio e demais lexislación mercantil e ao Plan Xeral de Contabilidade vixente para as empresas españolas.

ARTIGO 28º. AS CONTAS ANUAIS E APLICACIÓN DO RESULTADO

1.—O Consello de Administración, dentro dos tres meses seguintes ao peche de cada exercicio social, formulará as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, para, unha vez revisados e informados debidamente, no seu caso, ser presentados á Xunta Xeral para a súa aprobación.

2.—As contas anuais e o informe de xestión deberán ser revisados polos auditores de contas nos termos previstos pola lexislación.

3.—A Xunta Xeral resolverá sobre a aplicación do resultado. De haber beneficios o resultado se distribuirase como acorde a Xunta Xeral, constituíndose as reservas legais, de acordo coas determinacións imperativas da lexislación de sociedades anónimas, e as voluntarias que se consideren convenientes.

4.—Cando as perdas excedan da metade do capital social terá que convocarse Xunta Xeral, no prazo de dous meses dende que o Consello de Administración teña coñecemento desta situación para que adopte as medidas pertinentes.

5.—Dentro do mes seguinte á aprobación das contas anuais, estas depositaranse xuntamente coa certificación acreditativa da súa aprobación e da aplicación de resultados, no Rexistro Mercantil, da forma establecida legalmente.

6.—En ningún caso os órganos da sociedade poderán facer doazóns ou subvencións que respondan a criterios de mera liberalidade.

TÍTULO V

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE

ARTIGO 29º. DISOLUCIÓN

1.—A Sociedade disolverase nos casos previstos na lexislación de réxime local, na lexislación reguladora das Sociedades Anónimas.

ARTIGO 30º. LIQUIDACIÓN

1.—A mesma Xunta Xeral que acorde a disolución nomeará un numero impar de liquidadores que terán as funcións que describe o artigo 272 do Texto refundido da lei de sociedades anónimas e que realizarán as operacións de liquidación que o mesmo texto legal estableza.

2.—Liquidado o patrimonio social, aboarase, en primeiro lugar, aos acredores o importe dos seus créditos, segundo a orde de prelación legal, e, efectuadas ditas operacións, ao haber líquido resultante, se o houbera, pasará aos socios.

7.—CONCLUSIÓN

A vista do exposto conclúese:

1.—Se estima plenamente acreditada a conveniencia e oportunidade de exercer a iniciativa pública para o exercicio da actividade económica e servizo público de turismo.

2.—A mencionada actividade reviste un patente interese público polo exposto nesta memoria.

3.—A actividade é xuridicamente posible e viable nos termos expostos.

4.—A forma de xestión que se propón como máis adecuada é a de sociedade mercantil local prevista no artigo 85.2.A.d. da LRBRL, que se rexerá polos estatutos que se acompañan a esta memoria.

ANEXO II

ESTATUTOS DA SOCIEDADE ANÓNIMA DENOMINADA “TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.”

TÍTULO I

DENOMINACIÓN, OBXECTO, FACULTADES, DOMICILIO E DURACIÓN

ARTIGO 1º. DENOMINACIÓN

Coa denominación de “Turismo de Pontevedra, S.A.”, o Concello de Pontevedra constitúe unha sociedade anónima mercantil, de capital integramente público, para a xestión da actividade e servizo público de turismo.

Recoñese expresamente a esta sociedade como medio propio e servizo técnico do Concello de Pontevedra no ámbito do turismo.

ARTIGO 2º. OBXECTO SOCIAL

1.—A sociedade terá por obxecto a promoción, desenvolvemento e potenciación das actividades económicas e sociais que contribúan, directa ou indirectamente a impulsar o desenvolvemento do turismo no ámbito territorial do Concello de Pontevedra.

2.—A Sociedade para o exercicio das actividades que integran o seu obxecto social poderá asinar acordos coas Administracións Públicas e particulares, obter e xestionar a financiación precisa. Asemade poderá, para desenvolver o seu obxecto, total ou parcialmente, de modo indirecto mediante a titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto social idéntico ou análogo e incluso mediante a súa creación.

3.—Para os fins sinalados, as actuacións da sociedade poderán levarse a cabo, non so no municipio, senón en todo o territorio do Estado e incluso no estranxeiro.

4.—Quedan excluídas todas aquelas actividades para cuxo exercicio a Lei esixa requisitos especiais que non queden cumpridos por esta Sociedade.

ARTIGO 3º. DOMICILIO SOCIAL

O seu domicilio social queda fixado en Pontevedra, na praza da Verdura, s/n, 36071-Pontevedra. O Consello de Administración poderá acordar o cambio de domicilio que consista no seu traslado dentro do mesmo termo municipal, así como a creación, suspensión ou traslado de sucursais, axencias, delegacións, representacións e dependencias, tanto en territorio nacional como fóra del.

ARTIGO 4º. DURACIÓN

A súa duración será indefinida ou ilimitada e dará comezo ás súas operacións o día da firma da escritura de constitución.

TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 5º. RÉXIME XURÍDICO

A Sociedade, de nacionalidade española, rexeráse polos presentes estatutos, e no non previsto neles pola normativa de réxime local e de sociedades que resulte de aplicación e calquera outra que sexa aplicable a súa actividade específica.

As referencias contidas nestes estatutos a normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aquelas normas que as substitúan ou modifiquen.

TÍTULO III CAPITAL SOCIAL

ARTIGO 6º. CAPITAL SOCIAL

1.—O capital social é de 60.102,00 euros dividido e representado en 100 accións nominativas, da mesma clase e serie, cada unha delas cun valor nominal de 601,02 euros numerados correlativamente do 1 ó 100, ambos inclusive, e totalmente desembolsadas e subscritas polo Concello de Pontevedra.

2.—Os títulos representativos das accións conterán os extremos a que se refire o artigo 53 do Texto refundido da lei de Sociedades Anónimas, do 22 de decembro de 1989 e figurarán no Libro rexistro de accións nominativas da Sociedade.

3.—O Concello de Pontevedra é o titular de todas as accións, non podendo transferilas nin destinalas a outras finalidades distintas ao obxecto da sociedade, salvo nos supostos e cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de réxime local.

3.—No tocante as ampliacións de capital haberá que estar ao disposto no Texto refundido da lei de Sociedades Anónimas, do 22 de decembro de 1989.

ARTIGO 7º. EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS OU OUTROS TÍTULOS DE DÉBEDA

1. Nas condicións establecidas pola Lei, a Sociedade poderá emitir obrigacións, simples ou hipotecarias, e outros títulos que recoñezan ou creen unha débeda.

2. O Consello de Administración determinará a clase de emisión, condicións de toda orde, tanto por cento de xuros, modo e época de reembolso e demais particularidades do título se o acordo da Xunta Xeral non precisara estes extremos.

3. A Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración, nomeará o Comisario-Presidente do Sindicato de Obrigacionistas, quedando constituído este unha vez que se inscriba a escritura de emisión.

4. O importe total das obrigacións en circulación non excederá do importe do capital desembolsado, máis as reservas que figuren no último balance aprobado e nas contas de actualización e regulación de balances, cando fosen aceptadas polo Ministerio de Economía e Facenda.

TÍTULO IV DOS ÓRGANOS SOCIAIS

ARTIGO 8º. ÓRGANOS DA SOCIEDADE

Os órganos de goberno e administración serán:

- A Xunta Xeral.
- O Consello de Administración.
- A Xerencia.

CAPÍTULO I DA XUNTA XERAL

ARTIGO 9º. XUNTA XERAL

1.—A Xunta Xeral, órgano supremo da sociedade, será convocada expresamente con tal carácter, coas facultades e atribucións que a normativa determine.

2.—Actuarán como Presidente da Xunta Xeral, o Alcalde ou quen o substitúa de acordo coa normativa vixente.

3.—O Presidente da Xunta Xeral poderá autorizar a asistencia ou invitar, canto estime que a súa presenza poida ser de interese para a boa marcha dos asuntos sociais a Directores, Técnicos e persoas interesadas dalgún modo nos asuntos sociais, que actuarán, no seu caso, con voz e sen voto.

4.—Ás reunións da Xunta Xeral poderán asistir con voz os membros do Consello de Administración que non o sexan da corporación, o Interventor e no seu caso, o secretario do Consello de Administración.

ARTIGO 10º. PERIODICIDADE

1.—As sesións da Xunta Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2.—A Xunta Xeral debidamente convocada, celebrará sesión ordinaria dentro do primeiro semestre de cada exercicio, para censurar a xestión social, aprobar, no seu caso, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a proposta de aplicación do resultado.

3.—Calquera outro tipo de Xunta Xeral que se ocupe de asuntos distintos dos mencionados no parágrafo precedente terá a consideración de extraordinaria.

4.—A Xunta Xeral, debidamente convocada, celebrará sesión extraordinaria, cando o requira o Consello de Administración e naqueles supostos que o imponha a lexislación vixente.

ARTIGO 11º. XUNTA UNIVERSAL

Non será necesaria previa convocatoria, sempre que estando presente todos os seus membros e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Xunta Xeral, que poderá neste caso, tratar de calquera asunto.

ARTIGO 12º. DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Os acordos tomaranse por maioría simple dos membros asistentes. Aqueles acordos que pola súa natureza afecten a materias que requiran unha maioría ou quórum especial segundo a lexislación aplicable, haberán de adoptarse con dita maioría ou quórum.

ARTIGO 13º. ACTAS

1.—De cada sesión da Xunta Xeral levantarase polo secretario unha acta de todo o tratado, que se inscribirá no Libro levado ao efecto. A acta poderá ser aprobada pola propia Xunta Xeral ao final da sesión ou, na súa falta, dentro do prazo de quince días, polo Presidente e dous Interventores designados pola Xunta Xeral. Cando a aprobación da acta non teña lugar ao final da reunión consignarase ese extremo xunto coa data e o sistema de aprobación.

A Acta aprobada por calquera destas formas terá forza executiva a partires da data da súa aprobación.

2.—En canto á facultade de certificar as actas e os acordos sociais, corresponde ao secretario emitilas sempre co visto e praxe do Presidente.

ARTIGO 14º. FUNCIONAMENTO

A Xunta Xeral rexerese en canto o réxime de funcionamento e adopción de acordos polas disposicións que, en cada momento, estiveran vixentes en materia de réxime local. Para as restantes cuestións sociais se aplicarán as normas reguladoras do réxime de sociedades anónimas.

ARTIGO 15º. COMPETENCIAS

Corresponde á Xunta Xeral:

- a) Determinar a composición e o número de membros do Consello de administración e nomear e cesar aos seus membros. Fixar as retribucións e réxime de indemnizacións dos membros do Consello de Administración.
- b) Aumentar ou diminuír o capital social.
- c) Modificar os estatutos.
- d) Emitir obrigas.
- e) A transformación, fusión e escisión da sociedade.
- f) Aprobar o estado de previsión de ingresos e gastos (orzamento), as contas anuais, o informe de xestión e resolver sobre a aplicación do resultado.
- g) Aprobar o inventario.
- h) As demais facultades que a lexislación societaria atribúe á Xunta Xeral.

CAPÍTULO II DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 16º. CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

O Consello de Administración é o órgano de goberno e xestión permanente da entidade ao que corresponde velar pola consecución dos obxectivos asignados á mesma. Terá plenas facultades de dirección, xestión e administración asumindo ademais a representación social en todos os asuntos relativos ao seu xiro ou tráfico, todo elo dentro das

presentes normas estatutarias, dos preceptos da lexislación mercantil e sen prexuízo das que se reservaren a outros órganos da sociedade.

ARTIGO 17º. COMPOSICIÓN E DURACIÓN DO CARGO DE CONSELLEIRO

1.—O Consello de Administración estará integrado por un máximo de nove membros designados libremente pola Xunta Xeral, dos cales polo menos a metade máis un serán concelleiros da Corporación, e o resto poden ser ou membros da Corporación ou persoas especialmente capacitadas.

2.—O Consello de Administración designará ao Presidente. O Consello de Administración terá un Secretario. O secretario non formará parte do Consello de Administración.

3.—Os membros do Consello de Administración estarán afectados polas incapacidades e incompatibilidades que para exercer cargos representativos sinala a lexislación vixente en cada momento, e especificamente a normativa de réxime local.

4.—Os Conselleiros serán nomeados por un período de catro anos, se ben poderase producir unha ou máis reeleccións por períodos de igual duración.

5.—Todos os Conselleiros que sexan membros da Corporación cesarán automaticamente ao constituírse unha nova Corporación, se ben continuarán nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.

6.—Cando algún Conselleiro cese no seu cargo, a Xunta Xeral nomeará ao designado para substituírle polo período de tempo que ao substituído lle quedase por cumprir.

7.—Se durante o período para o que fosen nomeados os Conselleiros se produxesen vacantes, o Consello de Administración poderá designar as persoas que teñan que ocupalas, ata que se reúna a primeira Xunta Xeral e se proceda de conformidade co establecido no parágrafo anterior.

8.—Para un mellor seguimento da xestión da Sociedade, o Xerente e o Interventor municipal asistirán as sesións do Consello. Así mesmo, o Consello poderá recabar a asistencia de calquera persoa que sexa considerada de interese para a Sociedade.

ARTIGO 18º. RÉXIME DE SESIÓNS

1.—O Consello de Administración reunirse en sesión ordinaria unha vez cada tres meses, no lugar, día e hora que o Presidente determine.

2.—O Consello de Administración reunirse en calquera momento en sesión extraordinaria, a iniciativa do seu Presidente ou a petición de cando menos, un terzo dos seus membros. Neste último suposto, os membros do Consello de Administración deberán presentar un escrito solicitándoo

acompañado dunha proposta de orde do día e o Presidente deberá de convocar o Consello de Administración no prazo de 15 días desde a recepción da solicitude. Nas reunións a instancia dos membros do Consello, na orde do día terán que constar os puntos expresamente solicitados, ademais de aqueles outros que o Presidente considere pertinentes.

3.—As convocatorias do Consello serán feitas polo Presidente, por escrito dirixido a cada un dos seus membros con vinte catro horas de antelación, salvo cando se trate de asuntos urxentes, que non estarán suxeitas a prazo algún sempre que se ratifique a urxencia por maioría simple dos membros.

4.—O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, a metade máis un dos seus compoñentes. En todo caso requírese a presenza do Presidente e do Secretario ou das persoas quen os substitúan ou en quen deleguen.

5.—A representación para concorrer ao Consello haberá de recaer necesariamente noutro Conselleiro e deberá realizarse por escrito. As deliberacións do Consello serán dirixidas polo Presidente, que concederá a palabra a todos os conselleiros que desexen intervir e cando considere que os criterios están suficientemente expresados, procederase á votación.

6.—Salvo os acordos en que a lexislación esixa maioría reforzada, estes adoptaranse por maioría dos conselleiros asistentes e representados, decidindo en caso de empate o voto do Presidente.

7.—No caso de que en primeira sesión non se tivese a presenza do número de membros indicados, citarase unha nova reunión, non antes das vinte e catro horas seguintes, podéndose tomar os acordos, nesta, por maioría simple dos asistentes, salvo que a lexislación esixa maioría reforzada.

8.—O Consello de administración, en defecto da regulación establecida nestes estatutos ou na lexislación aplicable, regulará o seu propio funcionamento.

ARTIGO 19º. DO LIBRO DE ACTAS

Os acordos do Consello reflectiranse en actas, as cales se transcribirán no libro correspondente coa sinatura do Presidente e do Secretario. As actas serán asinadas polo Presidente, no seu caso e o Secretario. As certificacións das actas e acordos serán expedidas polo Secretario do Consello de Administración co visto e prace do Presidente.

ARTIGO 20º. FACULTADES

O Consello de Administración, como órgano de goberno e xestión permanente da sociedade, atópase investido das máis amplas facultades para todo o referente á representación da Sociedade, a administración e a xestión da mesma, así como a dis-

posición do seu patrimonio, correspondéndolle todas as facultades non atribuídas pola lexislación vixente ou en virtude destes estatutos á outros órganos de goberno.

ARTIGO 21º. DELEGACIÓN DE FACULTADES

O Consello de Administración poderá delegar de forma permanente todas ou algunhas das súas facultades, excepto as indelegables.

CAPÍTULO III DA XERENCIA

ARTIGO 22º. DA XERENCIA

1.—O Consello de Administración nomeará e cesará no seu caso, a proposta do Presidente, á Xerencia.

2.—A relación entre a Xerencia e a Sociedade configúrase como unha relación laboral especial de alta dirección e se regulará mediante o correspondente contrato, que subscribirá o Presidente do Consello, cuxas condicións serán determinadas polo Consello de Administración.

3.—A Xerencia asistirá con voz e sen voto as reunións da Xunta Xeral e do Consello de Administración.

ARTIGO 23º. FACULTADES DA XERENCIA

É función da Xerencia da Sociedade dirixir e supervisar as actividades da Sociedade, desenvolver a xestión económica conforme ao orzamento vixente e impulsar a súa actividade dentro das directrices emanadas dos restantes órganos da mesma.

Corresponden en concreto á Xerencia as seguintes facultades:

- a) Asistir ao Consello de Administración e ao Presidente no exercicio das súas funcións; informarlles e asesorarlles acerca dos asuntos que traten e executar os seus acordos e resolucións.
- b) Propoñer, a través do Presidente ao Consello de Administración, as contas anuais, o informe de xestión do exercicio precedente, a aplicación do resultado e a proposta do estado de previsión de ingresos e gastos (orzamento).
- c) Ostentar a Xefatura directa e inmediata do persoal ao servizo da Sociedade; distribuír e controlar o traballo e, en xeral, adoptar as medidas necesarias para o mellor funcionamento da mesma.
- d) Subscribir a documentación da Sociedade necesaria para a execución de acordos e resolucións e conformar as certificacións, liquidacións e recepcións de obras, servizos, subministros e contratos en xeral, así como os gastos derivados do seu funcionamento, sen

prexuízo das aprobacións que correspondan aos órganos da sociedade.

- e) Representar a Sociedade, por delegación expresa do Presidente, ante terceiros.
- f) Informar da xestión económica-financieira cada tres meses ao Consello de Administración.
- g) En xeral, asumir cantas funcións lle encomenden expresamente o Consello de Administración ou o Presidente.

TÍTULO III CONTRATACIÓN

ARTIGO 24.—CONTRATACIÓN

A sociedade axustará a súa actuación en materia contractual a Lei 30/2007, de contratos do sector público nos termos previstos nela e demais normativa que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 25.—MEDIO PROPIO E SERVIZO TÉCNICO

1.—As relacións entre á sociedade e o Concello de Pontevedra do que é medio propio e servizo técnico ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encomendas de xestión das previstas no artigo 24.6 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

2.—O ámbito das encomendas de xestión que se realicen será o relacionado co turismo e en xeral coas actividades incluídas co seu obxecto social.

3.—A sociedade non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polo Concello de Pontevedra. Non obstante, cando non concorran ningún licitador poderá encargarse a esta entidade a execución da actividade obxecto de licitación sempre que este comprendida no ámbito turístico.

4.—A comunicación de realizar unha encomenda de xestión no ámbito turístico determinará a obriga por parte da sociedade de realizar esta actuación.

TÍTULO IV EXERCICIO SOCIAL E CONTAS ANUAIS

ARTIGO 26º. EXERCICIO SOCIAL

1.—O exercicio social comezará o primeiro de xaneiro e pecharase o trinta e un de decembro de cada ano.

2.—Por excepción, o primeiro exercicio social comezará o día da sinatura da escritura de constitución e terminará o trinta e un de decembro do mesmo ano.

ARTIGO 27º. RÉXIME DE CONTABILIDADE

A sociedade esta sometida ao réxime de contabilidade pública, sen prexuízo de que se adapten ás disposicións do Código de Comercio e demais lexislación mercantil e ao Plan Xeral de Contabilidade vixente para as empresas españolas.

ARTIGO 28º. AS CONTAS ANUAIS E APLICACIÓN DO RESULTADO

1.—O Consello de Administración, dentro dos tres meses seguintes ao peche de cada exercicio social, formulará as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, para, unha vez revisados e informados debidamente, no seu caso, ser presentados á Xunta Xeral para a súa aprobación.

2.—As contas anuais e o informe de xestión deberán ser revisados polos auditores de contas nos termos previstos pola lexislación.

3.—A Xunta Xeral resolverá sobre a aplicación do resultado. De haber beneficios o resultado se distribuirase como acorde a Xunta Xeral, contituíndose as reservas legais, de acordo coas determinacións imperativas da lexislación de sociedades anónimas, e as voluntarias que se consideren convenientes.

4.—Cando as perdas excedan da metade do capital social terá que convocarse Xunta Xeral, no prazo de dous meses dende que o Consello de Administración teña coñecemento desta situación para que adopte as medidas pertinentes.

5.—Dentro do mes seguinte á aprobación das contas anuais, estas depositaranse xuntamente coa certificación acreditativa da súa aprobación e da aplicación de resultados, no Rexistro Mercantil, da forma establecida legalmente.

6.—En ningún caso os órganos da sociedade poderán facer doazóns ou subvencións que respondan a criterios de mera liberalidade.

TÍTULO V**DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE****ARTIGO 29º. DISOLUCIÓN**

1.—A Sociedade disolverase nos casos previstos na lexislación de réxime local, na lexislación reguladora das Sociedades Anónimas.

ARTIGO 30º. LIQUIDACIÓN

1.—A mesma Xunta Xeral que acorde a disolución nomeará un numero impar de liquidadores que terán as funcións que describe o artigo 272 do Texto refundido da lei de sociedades anónimas e que realizarán as operacións de liquidación que o mesmo texto legal estableza.

2.—Liquidado o patrimonio social, aboarase, en primeiro lugar, aos acredores o importe dos seus

créditos, segundo a orde de prelación legal, e, efectuadas ditas operacións, ao haber líquido resultante, se o houbera, pasará aos socios.”

Contra aprobación definitiva dos estatutos e da memoria poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, 06.01.2009.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luís Mato Rodríguez. **2009001283**

EXPEDIENTE Nº: 35224/08.

ASUNTO: Solicitud de licenza municipal de obras licenza de obras de acondicionamento e apertura de local con destino a centro médico no baixo do inmobile sito na rúa de Eduardo Pondal nº 6.

SOLICITANTE: Centro Médico Clipsimed.

E D I C T O

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese ao correspondente trámite de información pública o expediente nº 35224/08, tramitado a instancia de Centro Médico Clipsimed en solicitud de licenzas municipais de licenza de obras de acondicionamento e apertura de local con destino a centro médico no baixo do inmobile sito na rúa de Eduardo Pondal nº 6, de modo que durante un prazo de vinte días poderán presentarse alegacións en relación coa solicitud formulada e consultar o expediente no Servizo de Urbanismo do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 21 de xaneiro de 2009.—A Tenente de Alcalde delegada da Área de Urbanismo, Teresa Casal García. **2009001090**

A N U N C I O

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2009.

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.
2. Acordo de non inclusión das obras de “ENSANCHE Y PAVIMENTACIÓN DE ACCESO

EN IGLESIA, SANTA MARÍA DE XEVE” no proxecto de presuposto para o ano 2009.

3. Acordo de non inclusión da obras de “EJECUCIÓN DE RECUPERACIÓN DEL FOSO DEFENSIVO DEL PALACIO ARZOBISPAL PARA SALA DE INTERPRETACIÓN DE LA MURALLA Y EXPOSICIONES” no proxecto de presuposto para o ano 2009.
4. Acordo de non inclusión da obras de “REHABILITACIÓN DE LA ALAMEDA DEL ARQUITECTO SESMEROS” no proxecto de presuposto para o ano 2009.

Pontevedra, a 29 de xaneiro de 2009.—A Alcaldesa Acctal., Teresa Casal García. **2009001048**

* * *

BAIONA

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, dase conta do acordo de adxudicación definitiva do procedemento aberto con varios criterios de adjudicación dos seguintes contratos:

- 1) Denominación: Asesoría Técnica da Oficina de Urbanismo do Concello de Baiona.
- 2) Adxudicatario: D. Faustino Mena Mur.
- 3) Resolución da Alcaldía de data 27/10/2008.
- 4) Importe de adxudicación: 45.000 euros.

- 1) Denominación: Servizo de xestión en materia do procedemento sancionador en materia de Tráfico e Seguridade vial do Concello de Baiona.
- 2) Adxudicatario: Recyges, S.L.
- 3) Resolución da Alcaldía de data 27/10/2008.

Baiona, 20 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almunia. **2009000973**

O Pleno desta Corporación en sesión de data en sesión de fecha 24/11/2008, adoptó, xunto coa aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal e posterior acordo plenario de data 15/01/2009, adoptouse o seguinte acordo: Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes áreas afectadas.

A. Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.

1. En solo urbano non consolidado: Áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.

2. En solo urbanizable delimitado:

<u>Sector</u>	<u>Denominación</u>
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUB-5	O Burgal
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa
Cun total de 104,35 Ha.	

3.—En solo urbanizable no delimitado

<u>Área</u>	<u>Denominación</u>
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte-O Carballo-A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea-Urgal
SUND-5	Leira-Sopegal-O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos-Xuncal
SUND-7	Covaterreña-Loureiral
Cun total de 168,52 Ha.	

4.—Núcleos rurais: Suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o POGU de Baiona e o novo PXOM.

5.—Suelo rústico: Suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.

B.—Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A,B e C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

Todas as áreas de solo urbano de núcleo rural con aplicación da Ordenanza 8, nos seus grados A e B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas as áreas de solo non urbanizable de núcleos rurais con aplicación da Ordenanza O-10 de núcleo rural e Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

A suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen derrito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizacións.

En todo caso a suspensión alcanza as licenzas cuxas determinacións supoñan unha modificación do réxime urbanístico vixente.

Non obstante, poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, sempre que respeten as determinacións do novo planeamento.”

O que se publica para o xeral coñecemento.

Baiona, a 19 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuníña. **2009000641**

* * *

CAMBADOS

Por parte CONGELADOS PAIS S.L., representada por D. Juan Pais García, solicítase licenza municipal para acondicionamento de local para venda de conxelados a empraizar en R/ Ourense 9 - baixo.

O que se fai público, polo prazo de 20 días de conformidade co establecido Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental.

Cambados, a 29 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Ilexible. **2009001084**

* * *

A ILLA DE AROUSA

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do Concello de A Illa de Arousa, en sesión celebrada en data 22 de xaneiro de 2009, acordou a aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da Área de Reparto nº 28 do Plan de Ordenación Municipal, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 157.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Na Illa de Arousa, a 23 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2009000975**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do Concello de A Illa de Arousa, en sesión celebrada en data 22 de xaneiro de 2009, acordou a aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da Área de Reparto nº 62 do Plan Xeral de Ordenación Municipal o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 157.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Na Illa de Arousa, a 23 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2009000974**

* * *

LALÍN

A N U N C I O

O Pleno da Corporación de Lalín na sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2009 acordou aprobar inicialmente o proxecto da obra “Novo depósito de 1.500 m³ en Lagazós e conexións con E.T.A.P. e distribución, Lalín (Pontevedra)”, obxecto do expdte. nº OH.236.814 de solicitude de financiamento do custo das obras ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, Xunta de Galicia.

Segundo o disposto nos artigos 8 do Decreto 84/1997, do 10 de abril, sobre a colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades Locais en materia de abastecemento e saneamento de augas e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese a información pública polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o mesmo poda ser examinado na Secretaría Xeral deste Concello polos interesados e presentar, no seu caso, as alegacións ao mesmo perante o Pleno da Corporación.

Lalín, a 30 de xaneiro de 2009.—O primeiro tenente de alcalde, Camilo González Bodaño.

20090001043

* * *

MARÍN

A N U N C I O

Aos efectos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/85 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e artigos 44, 46, 51.2 e 52 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a seguinte Resolución:

Visto os artigos 23.1 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, 5 ao 9 e 12 do Regulamento Orgánico do Concello de Marín, 43, 52 e 121 do Regulamento de Organización e Funcionamento e 211 da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia, esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións

RESOLVE:

1º.—Cesar como membro da Xunta de Goberno Local, como concelleiro delegado de Asuntos Económicos e Patrimonio e presidente da Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Patrimonio a don Benito González Dopazo.

2º.—Nomear como membro da Xunta de Goberno Local, como concelleira delegada de Asuntos Económicos e Patrimonio e presidenta da Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Patrimonio a dona Pilar González Vázquez.

3º.—A delegación conferida á designada comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero sen facultades resolutorias, sendo informada previamente á Alcaldía da adopción de decisións de transcendencia.

4º.—Da precedente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre, notificándoa persoalmente á designada e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade, dende o día seguinte ó da súa sinatura.

Marín, a 28 de xaneiro de 2009.—O alcalde,
Francisco A. Veiga Soto. **2009001088**

* * *

MOAÑA

EXPOSICIÓN PÚBLICA EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OBRIGAS E DEREITOS CORRESPONDENTES A EXERCIZOS PECHADOS.

O Concello ven tramitando expediente de depuración de obrigas e dereitos correspondentes a exercizos pechados.

Visto que o Pleno Municipal aprobou en sesión de data 22 de decembro de 2008 a modificación do saldo de obrigas recoñecidas en exercizos pechados para as que non constaban a existencia de terceiro, sométese, a información pública mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de anuncios do Concello, por prazo de trinta días hábiles contados dende o seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no BOP, a efectos de posibles reclamacións polos interesados.

A documentación se atopa nas dependencias da Tesourería Municipal.

A relación presenta o detalle que se cita a continuación:

<i>INTERESADO</i>	<i>ANO</i>
ALCANTARILLADO MASANDIA	1990
POLIGONO DO REAL	1990
ALCANTARILLADO PUNTILLÓN	1990
PAVIMENTACIÓN RAMPA PEREIRA	1990
MURO DA BOUZA	1991
INFORMATIZACIÓN. OFICINAS	1991
ABASTECIMIENTO AUGAS	1991
ALCANTARILLADO CHICAJA	1991
PROXECTOS URBANÍSTICOS	1991
PABILLON NÁUTICA	1991
ALCANTARILLADO DE CARBALLIDO	1992
ABASTECIMIENTO PONTILLON	1993
COLECTOR PORTA DO SOL	1993
PAVILLÓN ESCOLAR	1993
INFORMATIZACIÓN OFICINAS	1994
TERRENOS CENTROS CULTURAI	1994
BACHE O E ASFALTADO C.V. REDONDO	1994

PARQUES E XARDÍNS	1994
ACONDICIONAMENTO INFRAESTRUCTURAS	1995
ABASTECIMIENTO AUGAS	1995
ALUMEADO PASEO MARÍTIMO XUNQUEIRA	1995
TRAÍDA DE AUGAS MONTE LOURIDO	1996
AXUDA DE LIBROS	1996
TRAÍDA CASAL FONTES	1996
PROXECTO MEIRA CRUZ DA MACEIRA	1996
ACONDICIONAMENTO RESIDUOS SÓLIDOS	1998
PARQUES E XARDÍNS	1998
TERRENOS CENTROS CULTURAI	1998
CENTROS CULTURAI	1998
PLAN ECORENTA	1998
ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	1998
INFORMATIZACIÓN OFICINAS	1998
PROXECTOS URBANÍSTICOS	1998

Moaña, 27 de decembro de 2008.—O Alcalde,
ilexible. **2009000469**

* * *

MONDARIZ

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DEL REGLAMENTO DEL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO DEL AYUNTAMIENTO DE MONDARIZ.

El Pleno del Ayuntamiento de Mondariz en sesión ordinaria de 31 de enero de 2009, aprobó inicialmente el Reglamento Municipal del Servicio de Ayuda a Domicilio del Concello de Mondariz, y en cumplimiento de lo previsto en los artículos 49 y 70.2 de la Ley Reguladora de Bases de Régimen Local, y artículo 56 del Texto Refundido de Régimen Local, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, a contar desde el día siguiente a la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que pueda ser examinado y se presenten las reclamaciones que se estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará definitivamente aprobado dicho acuerdo.

En Mondariz, a 3 de febrero de 2009.—El Alcalde, Julio Alén Montes. **2009001086**

* * *

M O S

A N U N C I O

Polo Pleno deste Concello, en sesión de 29.01.2009, aprobose inicialmente o expediente Camb. Afect. 02/09 relativo ao cambio de afectacións das finalidades de préstamos concertados. Expóñense ao público os devanditos expedientes por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao desta publicación.

Deste xeito, os expedientes completos permanecerán a disposición dos interesados para que os poidan consultar na Intervención Xeral da Corporación, e formular as alegacións que teñan por convintes, no devandito prazo.

Advírtese expresamente que, de non presentarse alegacións en prazo, o acordo da aprobación inicial entenderase elevado a aprobación definitiva, entrando en vigor o sinalado cambio de afectacións logo da súa publicación no B.O.P. na forma legalmente establecida.

Mos, 30.01.2009.—A Alcaldesa, Nidia Arévalo Gómez. **2009001046**

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

Expte. n.º: 2007/1175.

Asunto: Modificación (nº 18) das Normas subsidiarias de Planeamento municipal referida a cambio de regulación das condicións de edificación dos locais comerciais.

Trámite: Publicación da aprobación definitiva.

Normas reguladoras: Art. 92 da lei 9/2002 do Parlamento de Galicia e artigo 70 da lei estatal nº 7/1985.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por orde do 15-12-2008 aprobou definitivamente a mencionada modificación das normas subsidiarias.

A referida disposición publicouse no DOG do 27-01-2009 coa indicación dos recursos correspondentes.

De conformidade coas disposicións citadas, o Concello fai público que coa modificación aprobada o apartado 3.1.6 das Normas Subsidiarias de Planeamento municipal queda redactado como segue:

3.1.6 Regulación do uso comercial.

1. Clasificación.

Para os efectos de aplicación de estas Normas, establécense as seguintes categorías:

Categoría 1ª: Edificios con máis do 60 por 100 da superficie total destinada a usos comerciais.

Categoría 2ª: Locais comerciais en primeiro soto, semisoto e planta baixa.

Categoría 3ª: Locais comerciais en pasaxes ou galerías.

2. Condicións dos locais.

Todos os locais de uso comercial deberán observar as seguintes condicións:

1. A zona destinada ao público no local terá unha superficie mínima de seis metros cadrados e non poderá servir de paso nin ter comunicación directa con ningunha vivenda.

2. No caso de que no edificio exista uso de vivendas, deberán dispoñer estas de accesos, escaleiras e ascensores independentes.

3. Os locais comerciais e os seus almacéns non poderán comunicarse coas vivendas, caixa de escaleira nin portal senón a través dun cuarto ou paso intermedio, con porta de saída inalterable ao lume.

4. Os comercios que se establezan en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unido a este por escaleira con ancho mínimo dun metro.

A altura libre mínima dos locais comerciais serán de tres metros, salvo aqueles que fosen construídos con anterioridade á entrada en vigor das Normas Subsidiarias Municipais, que —en todo caso— deberán adaptarse ás condicións esixidas pola regulamentación sobre Seguridade e Saúde no traballo, o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e demais normativa de aplicación e os semisotos que poderán ter unha altura libre mínima de 2,70.

5. As escaleiras de servizo ao público nos locais comerciais, terán un ancho mínimo dun metro, a excepción dos da 1ª categoría, o ancho da cal non poderá ser inferior a 1,30 metros.

6. Os locais comerciais disporán dos seguintes servizos sanitarios; ata 100 metros cadrados, un retrete e un lavabo; por cada 200 metros cadrados máis ou fracción, aumentarase un retrete e un lavabo. A partir dos 100 metros cadrados instalaranse con absoluta independencia para cada sexo. En calquera caso estes servizos non poderán comunicar directamente co resto dos locais e, por conseguinte, deberán instalarse cun vestíbulo ou zona de illamento.

7. Nos locais comerciais que forman un conxunto, como acontece nos Mercados de Abastos, Galerías de Alimentación e Pasaxes Comerciais, poderán agruparse os servizos sanitarios correspondentes a cada local. O número de servizos virá determinado pola aplicación da condición anterior sobre a suma da superficie de locais incluíndo os espazos comúns de uso público.

8. A luz e ventilación dos locais comerciais poderá ser natural ou artificial estándose ao disposto na regulamentación sobre Seguridade e Hixiene no Traballo. Se soamente ten luz e ventilación natural, os ocos de luz e ventilación deberán ter unha superficie total non inferior a un oitavo da que teña a planta do local. Exceptúanse os locais exclusivamente destinados a almacéns, trasteros e corredores. Esixirase a presentación dos proxectos detallados das instalacións de iluminación acondicionado de aire, que deberán ser aprobados polo

Concello, quedando estas instalacións sometidas a revisión, antes da apertura do local e en calquera momento. No suposto que non fosen satisfactorias ou non funcionasen correctamente, en tanto non se adopten as medidas correctoras oportunas, o Concello poderá pechar total ou parcialmente o local.

9. Disporán das saídas de urxencias, accesos especiais para extinción, aparatos, instalacións e útiles que, en cada caso e de acordo coa natureza e características tales que non permitan chegar ao exterior ruídos ou vibracións que os niveis da cal determinen polo Concello.

10. As estruturas da edificación serán resistentes ao lume e os materiais deberán ser incombustibles e de características tales que non permitan chegar ao exterior ruídos ou vibracións os niveis das cales se determinen polo Concello.

11. Esixiranse as instalacións necesarias para garantir, a veciñanza e viandantes, a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, etc.

12. Dada a súa peculiar natureza os locais comerciais dos ramos da alimentación poderán ser obxecto dunha regulamentación municipal específica.

3. *Aparcamientos.*

En categoría 1ª: A partir dos 500 m² construídos dedicados a esta actividade disporase dunha praza de aparcamento de 50 m².

Nigrán, a 28 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. **2009001083**

* * *

P O I O

A N U N C I O

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria realizada o 27 de xaneiro de 2009, acordou aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O que se somete á información pública polo prazo de 30 días, a contar do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, para audiencia aos interesados e presentar as alegacións oportunas e de non presentarse ningunha alegación entenderase aprobada definitivamente, de conformidade co artigo 17.4 do Texto refundido da Lei de facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Poio, a 29 de xaneiro de 2009.—O alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2009000969**

* * *

O P O R R I Ñ O

E D I C T O

O Pleno do Concello do Porriño en sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2009, aprobou con carácter provisional o expediente de transferencia de crédito nº 1/2009.

De conformidade co disposto nos artigos 169 e 179.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, o expediente expónse o público durante un prazo de 15 días hábiles contados a partires do seguinte á data de inserción do presente anuncio no B.O.P., prazo no que os interesados poderán examinalo e presentalas reclamacións ante o Pleno, segundo os artigos 170 da Lei e 22 do R.D. citados.

A devandita modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o período indicado non se presentan reclamacións, de conformidade co artigo 179 en relación co 169 da Lei e 38.1 en relación co 20.1 do R.D.

No caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolve-las, contado a partires do seguinte á finalización da exposición ó público.

As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolven no acto de aprobación definitiva.

O Porriño, a 30 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2009001050**

* * *

RIBADUMIA

A N U N C I O

Como consecuencia das variacións mensuais do Padrón Municipal de Habitantes, dámonos conta de que as persoas que se indican no pé deste edicto deben causar baixa por inscrición indebida, por non residir neste Concello de Ribadumia.

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e ao non ser posible realizar a notificación persoal aos interesados nos enderezos abaixo descritos, procédese á súa notificación mediante este anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Porén, de acordo co art. 72 do Regulamento de Poboación, así como de conformidade coas Normas para a Xestión e Revisión do Padrón Municipal de Habitantes, cómpre que os interesados manifesten no prazo de quince días dende a data de notificación, cal é a súa inscrición Padroal actual.

De non recibir contestación nese prazo, entenderemos que están de acordo coa súa baixa por inscrición indebida.

NOME E APELIDOS	ENDEREZO
CARMEN PADIN RIAL	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA
IVAN QUIÑONES PADIN	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA
IONEL ENCIU	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA
GICU VIRLAN	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA
CORINA ELENA ENCIU	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA
GEORGI ALEXANDRU ENCIU	RÚA OUTEIRO 15 RIBADUMIA

Ribadumia, 16 de xaneiro de 2009.—A Alcadesa, M^a Salomé Peña Muñiz. **2009000639**

A N U N C I O

Producida modificación do artigo 16 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en relación coa L.O. 14/2003 de Reforma da Lei Orgánica sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social, establécese a obrigatoriedade da renovación periódica cada dous anos das inscricións no Padrón Municipal dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia pennisante.

Téndose comprobado que as persoas que se indican a continuación non procederon á renovación padroal, ditouse resolución da Alcaldía-Presidencia pola que se resolveu declarar a baixa por caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes das seguintes persoas, por non ter constancia da súa residencia neste Concello e non sendo posible levar a cabo a súa notificación individual publícase o contido de dita resolución aos efectos previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOME E APELIDOS	ENDEREZO
RENATA OLIVEIRA DE SOUSA	RUA PUENTE ARNELAS 11 (LEIRO)

Ribadumia, 16 de xaneiro de 2009.—A Alcadesa, M^a Salomé Peña Muñiz. **2009000806**

* * *

VILABOIA

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vilaboa, en sesión celebrada o pasado 28 de xaneiro de 2009, acordou iniciar expediente relativo á cesión do Centro de Saúde do Toural á Consellería de Sanidade.

En cumprimento do artigo 110.f) do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais, sométese o expediente a información pública por un prazo de

vinte días para que os interesados formulen as alegacións que estimen oportunas.

Vilaboa, a 30 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez, **2009001085**

* * *

RODEIRO

E D I C T O

De conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 47 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, faise público para xeral coñecemento que, por ausentarme do Concello entre os días 27 de xaneiro e 8 de febreiro, ambos inclusive, substituirame nas funcións da Alcaldía deste Concello o primeiro tenente de alcalde don José Benito Vence Deza.

Rodeiro, 26 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González. **2009000915**

* * *

SALCEDA DE CASELAS

A N U N C I O

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio conocido, fanse públicas as notificacións de audiencia ó interesado dos seguintes expedientes sancionadores por incumplimento do arto 72.3 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, tras darse por concluída a súa instrucción ó non ter presentado o interesado alegacións dentro do prazo previsto, polo que, de conformidade co disposto no Art. 13.2 do “Procedimiento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial” (R.D. 320/1994, de 25 de febreiro), procederá a elevar proposta de resolución sancionadora á alcaldía para que dicte a resolución definitiva.

O interesado dispón dun prazo de 15 días, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para que á vista do expediente poida alegar o que estime oportuno.

En caso de conformidade coa sanción poderá facela efectiva mediante ingreso ou transferencia bancaria no nº de conta 2080-0060-000040009116 de Caixanova (sucursal de Salceda de Caselas), a nome deste Concello e indicando o número de expediente.

EXPTE. - TITULAR - LOCALIDADE - MAT. - ART. - CONTÍA

2008052600001/01513-A - B-36522951 - RENTING VENDING VIGO S.L. - Salceda de Caselas - 646-BXT - LSV -72-3 - 310.00.

Salceda de Caselas, a 23 de decembro de 2008 - O Alcalde, D. Marcos D. Besada Pérez. **2009000136**

A N U N C I O

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio conocido, fanse públicas as notificacións de audiencia ó interesado dos seguintes expedientes sancionadores por denuncia de tráfico tras darse por concluída a súa instrucción ó non ter presentado o interesado alegacións dentro do prazo previsto, polo que, de conformidade co disposto no Art. 13.2 do “Procedimiento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial” (R.D. 320/1994, de 25 de febrero), procederase a elevar proposta de resolución sancionadora á alcaldía para que dicte a resolución definitiva.

O interesado dispón dun prazo de 15 días, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para que á vista do expediente poida alegar o que estime oportuno. En caso de conformidade coa sanción poderá facela efectiva mediante ingreso ou transferencia bancaria ó nº de conta 2080-0060-0000400091 16 de Caixanova (sucursal de Salceda de Caselas), a nome deste Concello e indicando o número de expediente.

EXPTE. - TITULAR - LOCALIDADE - MAT. - ART. - CONTÍA

20080603000003/02014-A - 35565505 - MONTES PE-REIRA, MIGUEL - Tui - 0688-FRV - RGC-94-2-1-1K - 90.00.

Salceda de Caselas, a 5 de decembro de 2008.— A Alcaldesa en funcións, Mónica Vizcaya Vázquez.

2008012664

* * *

VILA DE CRUCES

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 5 de febreiro do ano en curso, acordou iniciar os trámites para a contratación que se indica e, para tal efecto, aprobou o correspondente proxecto de obras, prego de cláusulas administrativas particulares e gasto, e ordenou anunciar a seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA

Concello de Vila de Cruces. Praza D. Juan Carlos I, 36590 Vila de Cruces (Pontevedra). Teléfono 986-582017. Fax 986-582317.

2.—OBXECTO

Adecuación paseo municipal no casco urbán de Vila de Cruces.

3.—TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

Procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, e tramitación urxente.

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

260.000,01 € (IVE incluído).

5.—PRAZO DE EXECUCIÓN

Tres (3) meses.

6.—CLASIFICACIÓN

Non se esixe.

7.—CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS

Os estipulados na cláusula 18 do prego.

8.—ADMISIÓN DE VARIANTES E MELLORAS

Admítense melloras segundo o establecido no prego e no apartado anterior deste anuncio.

9.—EXAME DO EXPEDIENTE

Os licitadores poderán examinar o expediente na Secretaría Xeral do Concello en horas de oficina, de luns a venres e ata o día anterior ao do remate do prazo de presentación de proposicións; nembargante os pregos están tamén a disposición dos interesados no perfil do contratante.

10.—LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

No Rexistro Xeral do Concello, sito na dirección establecida no apartado 1 anterior, en horario de 9:00 a 13:00 horas, e na forma establecida no prego de condicións.

11.—DATA LÍMITE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

